UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Traballo de fin de grao

Proposta de prevención do acoso escolar na aula de Educación Infantil

Propuesta de prevención del acoso escolar en el aula de Educación Infantil

Prevention proposal of bullying in the early childhood education classroom

Autora: Aroa López Armesto

Titor: Santiago López Gómez

Xuño 2022

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Mestre/a de Educación Infantil

DECLARACIÓN DE AUTORÍA

Declaro que redactei o traballo titulado *Proposta de prevención do acoso escolar na aula de Educación Infantil* para a materia Traballo Fin de Grao no curso académico 2021-2022 de maneira autónoma, coa axuda das fontes e a literatura citadas no texto e que aparecen nas referencias bibliográficas do traballo. Así mesmo identifiquei como tales todas as partes tomadas das fontes e da literatura indicadas, textualmente ou conforme ao seu sentido.

Asinado.



ÍNDICE

INTRODUCIÓN 1

1. Fundamento e marco teórico 2

1.1. Tipoloxías e formas de acoso 6

1.2. Factores de risco e causas 8

1.3. Panorama do acoso na actualidade 12

1.4. Normativa 14

1.5. Prevención do acoso escolar 16

2. Desenvolvemento psicosocial da infancia 23

3. Proposta de prevención 27

3.1. Fundamento e obxectivos 27

3.2. Metodoloxía e plan de traballo 30

3.3. Actividades 31

3.3.1. Familias 31

3.3.2. Profesorado 33

3.3.3. Alumnado 37

3.4. Avaliación 42

CONCLUSIÓNS 42

REFERENCIAS 44

ANEXOS 51

Anexo A. Imaxes da proposta 52

Anexo B. Táboas de temporalización e avaliación da proposta 62

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Tipos de prevención 17
Táboa 2. Obxectivos da proposta 29
Táboa 3. Temporalización da proposta 62
Táboa 4. Rúbrica de avaliación da proposta 62
Táboa 5. Enquisa de satisfacción para familias e docentes 63
Táboa 6. Rúbrica de avaliación da participación do alumnado na proposta 63

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Tipos de agresións 3
Figura 2. Características dos implicados e implicadas 5
Figura 3. Tipos de acoso escolar 8
Figura 4. Factores causais do acoso escolar 8
Figura 5. Factores de risco da aparición do acoso escolar 10
Figura 6. Variables implicadas na aparición do bullying 11
Figura 7. Fases de actuación acoso escolar 16
Figura 8. Medidas escolares de prevención do bullying 19
Figura 9. Períodos do desenvolvemento segundo Piaget 24
Figura 10. Tipos de apego 25
Figura 11. Modelo de DAFO 52
Figura 12. Páxina principal da web Unidos contra o acoso escolar 52
Figura 13. Portada e contraportada folleto acoso escolar 53
Figura 14. Interior folleto acoso escolar 53
Figura 15. Selección de obras Tolerancia cero 54
Figura 16. Suxestións para a expresión 55
Figura 17. Suxestións para a escoita 56
Figura 18. Tarxetas de condutas negativas 57
Figura 19. Tarxetas de condutas positivas 57
Figura 20. Modelo de panel de clasificación de condutas 58
Figura 21. Modelo de contrato de compromiso 58
Figura 22. Trucos de relaxación 59
Figura 23. Tarxetas de situacións negativas 60
Figura 24. Modelo de panel da actividade Sentindo 60
Figura 25. Cartel de emocións 61

RESUMO

O acoso escolar é unha realidade da nosa sociedade que afecta directamente á institución educativa. Este caracterízase por ter uns participantes concretos e diversas clasificacións sobre a súa tipoloxía, presentando certos factores causais e de risco que fomentan a súa aparición. Todas estas singularidades non distan daquelas que diferenciaban esta problemática na súa orixe, a finais do século XX, aínda que actualmente se focaliza a atención na súa prevención. O proceso preventivo é fundamental para frear esta cuestión centrándose, no caso do presente documento, nos diferentes axentes da comunidade educativa, concretamente nas familias, o corpo docente e as crianzas. Deste modo, preséntase unha proposta de prevención caracterizada polo seu aspecto lúdico que pretende aportar información sobre o *bullying* e ferramentas para combater as posibles situacións negativas. Por último, o traballo co alumnado enfócase cara a aprendizaxe da convivencia, a intelixencia emocional, a empatía e a valoración da diversidade como eixos para construír relacións sas e evitar a violencia. Con todo isto téntase avanzar cara a concienciación e sensibilización ante o tema, incentivando o aumento da participación da sociedade en programas deste tipo.

Palabras chave: acoso escolar, desenvolvemento, Educación Infantil, prevención, violencia

RESUMEN

El acoso escolar es una realidad de nuestra sociedad que afecta directamente a la institución educativa. Este se caracteriza por tener unos participantes concretos y diversas clasificaciones sobre su tipología, presentando ciertos factores causales y de riesgo que fomentan su aparición. Todas estas singularidades no distan de aquellas que diferenciaban a esta problemática en su origen, a finales del siglo XX, aunque actualmente se focaliza la atención en su prevención. El proceso preventivo es fundamental para frenar esta cuestión centrándose, en el caso del presente documento, en los diferentes agentes de la comunidad educativa, concretamente en las familias, el cuerpo docente y los niños y niñas. De este modo, se presenta una propuesta de prevención caracterizada por su aspecto lúdico que pretende aportar información sobre el

bullying y herramientas para combatir las posibles situaciones negativas. Por último, el trabajo con el alumnado se enfoca hacia el aprendizaje de la convivencia, la inteligencia emocional, la empatía y la valoración de la diversidad como ejes para construir relaciones sanas y evitar la violencia. Con todo esto se intenta avanzar hacia la concienciación y sensibilización ante el tema, incentivando el aumento de la participación de la sociedad en programas de este tipo.

Palabras clave: acoso escolar, desarrollo, Educación Infantil, prevención, violencia

ABSTRACT

Bullying is a reality of our society that affects directly to the educational institution. This is characterized for having some concrete participants and diverse classifications of its typology, presenting some causal and risk factors that encourage its apparition. All these singularities aren't far from those that differentiated this problematic in its origin, at the end of the 20th century, although attention is currently focused on its prevention. The preventive process is essential to brake this question focusing, in the case of this document, on the different agents of the educational community, specifically on families, teachers and children. In this way, the prevention proposal is characterized by its playful aspect that aims to provide information about bullying and tools to combat possible negative situations. Finally, the work with the students focuses on learning coexistence, emotional intelligence, empathy and the appreciation of diversity like axes to build healthy relationships and avoid the violence. With all this, it is intended to advanced towards awareness and sensitization on the subject, encouraging the increase of the participation of society in programs of this type.

Key words: bullying, Childhood Education, development, prevention, violence

INTRODUCIÓN

A agresividade e a violencia son condutas que forman parte da historia e proveñen dos nosos antepasados, que utilizaban actos deste tipo para a supervivencia e a defensa. Porén, o emprego destes feitos por parte das crianzas deu lugar a finais do século XX á aparición dunha nova realidade: o acoso escolar ou *bullying*.

Este fenómeno caracterízase pola intencionalidade, a repetición no tempo e a existencia dun desequilibrio de forzas, estando implicados un agresor e unha vítima como mínimo, aínda que tamén pode haber testemuñas. Entre estas persoas existen diversos perfís, así como poden darse diferentes tipos de acoso escolar con determinados factores de risco e causas que poden influír no seu aparecemento. Ademais, esta realidade resulta ser máis común do desexado, e mesmo conta con normativa estatal e autonómica para regulala.

Nesta situación, é fundamental darlle prioridade á prevención destes comportamentos para impedir a súa expansión, implicándose neste proceso toda a comunidade educativa. Para isto, a proposta incluída no presente documento está centrada en abordar o proceso preventivo mediante o traballo coa familia, o corpo docente e os nenos e nenas. Esta componse de 12 actividades cun forte carácter lúdico e pretende servir de inspiración para unha posterior adaptación ás características concretas do centro onde se leve a cabo.

O deseño presentado tenta proporcionar información e ferramentas de utilidade para profesorado e familias, camiñando cara a concienciación e sensibilización dun xeito significativo. Pola súa banda, no caso do alumnado apóstase por partir dos fitos básicos do desenvolvemento psicosocial para traballar a convivencia, a empatía, o control emocional e o respecto pola diversidade.

Finalmente, é preciso facer referencia á estrutura que se atopará ao longo do presente Traballo Fin de Grao. Este está composto por tres partes fundamentais: unha primeira dedicada á revisión teórica do *bullying*, unha segunda baseada no desenvolvemento psicosocial da infancia, e unha terceira que contén a proposta de prevención desta problemática. Todo isto complétase cun resumo, introdución, conclusións, referencias e anexos, onde poden atoparse diferentes materiais do deseño.

1. Fundamento e marco teórico

Dende o inicio da humanidade existiron problemas no seo das relacións interpersoais. Neste senso, a escola, como lugar de socialización onde se producen unha gran cantidade de interaccións entre os axentes que a conforman (alumnado, docentes, familias e outros profesionais), contén unha maioría de relacións amables e cordiais. A pesar disto, tamén se dan situacións conflitivas e problemáticas, que poden consistir en disputas momentáneas nas que as partes non son capaces de poñerse de acordo; ou naquelas que revisten unha maior gravidade, chegando a producirse agresións físicas ou verbais.

Polo tanto, é neste contexto onde pode aparecer o acoso escolar, unha realidade que non é nova nin recente nestes lugares, pero que presenta consecuencias negativas na convivencia e nas relacións entre alumnado e profesorado. Malia que estas imposicións mediante a violencia sempre existiron, actualmente obsérvase unha maior conciencia ante os efectos negativos das mesmas, así como unha crecente difusión e coñecemento (Carretero Bermejo, 2011; Gairín et al., 2013; Hernández e Solano, 2007).

Este tipo de comportamentos non se producen soamente no colexio e resulta imprescindible diferencialos dos propios do xogo de contacto físico. É frecuente que estas últimas dinámicas impliquen unha violencia considerada normal, xa que nelas todos os xogadores e xogadoras aceptan as normas e recoñecen o compoñente lúdico das actitudes agresivas que poden darse. Pola contra, unha situación de acoso leva consigo unha relación de superioridade e submisión, derivando no medo da vítima (Hernández e Solano, 2007; Mora-Merchán e Ortega, 1998). Tal e como apunta Ortega (2010), un conflito que da lugar a unha pelexa non ten porque tratarse dun caso de *bullying* mentres que non se observe un desequilibrio de poder físico, psicolóxico ou social.

Nesta liña, en palabras de Carretero Bermejo (2011), “cuando hablamos de acoso escolar entre iguales, nos estamos refiriendo a un tipo muy concreto de violencia”. Este comeza a ser estudado no ano 1969 por parte de Peter-Paul Heinemann, que denomina esta conduta agresiva observada nos patios de recreo como *mobbing* (Roland, 2010). Posteriormente, Dan Olweus, especializado na investigación da violencia nas aulas e coñecido polos seus programas de prevención do abuso escolar, acuñou o concepto *bullying* no ano 1978. Este termo está marcado polo seu matiz moral, dado que a maioría das

agresións neste contexto son verbais e psicolóxicas. Con todo, en español existen diversos nomes para referirse a esta realidade como *acoso escolar, hostigamiento escolar, matoneo escolar, agresión escolar, violencia escolar, intimidación escolar, acoso entre pares* ou *conflicto escolar* (Cano e Vargas, 2018; Gómez Tagle, 2016, López e Sabater, 2018).

O *bullying* dáse, tal e como afirma Olweus (1993), cando un alumno ou alumna está exposto de forma repetida e durante un tempo a accións negativas levadas a cabo por unha ou varias crianzas. Estas condutas negativas son intencionadas e poden clasificarse en agresións físicas, verbais ou relacionais (Figura 1). Así mesmo, para poder empregar o termo *acoso escolar* debe existir un desequilibrio de forzas ou relación de poder asimétrica, de forma que a vítima teña dificultades para defenderse. Nesta orde de ideas, a agresión pode ser obra dun só individuo ou dun grupo e dirixirse a unha ou varias vítimas.

Figura 1. *Tipos de agresións* (adaptado de Armero et al., 2011)



Existen outros autores que estudaron este fenómeno con posterioridade como Cerezo (2009), que afirma que o *bullying* "se refiere al conjunto de conductas agresivas, entendidas como los ataques repetitivos -físicos, psicosociales o verbales-, de determinados escolares que están en posición de poder sobre aquellos que son débiles frente a ellos, con la intención de causarles dolor" (p. 384).

Igualmente, Avilés Martínez (2006) define este comportamento como:

> La intimidación y el maltrato entre escolares de forma repetida y mantenida en el tiempo, siempre lejos de la mirada de los adultos/as, con la intención de humillar y someter abusivamente a una víctima indefensa por parte de un abusón o grupo de matones a través de agresiones físicas, verbales y/o sociales con resultados de victimización psicológica y rechazo grupal. (p. 82)

En atención ao citado, o acoso escolar pode considerarse como unha forma de violencia que se produce na escola e se caracteriza porque un ou varios estudantes (agresores ou agresoras) exercen feitos negativos noutro ou noutros (vítimas) de forma reiterada. Estes actos teñen a intención de someter, coaccionar e xerar dor e medo na persoa agredida, chegando a ter outras consecuencias negativas para este implicado (Cano e Vargas, 2018).

Por outra parte, para indicar que se está ante un caso de *bullying* deben poder diferenciarse, como mínimo, unha vítima e un agresor. No caso da vítima, segundo Barri Vitero (2013), é preciso ter en conta que calquera persoa podería chegar a selo, aínda que hai algunhas máis proclives (persoas diana) debido ás súas calidades (físicas, de carácter, etnia, habilidades, etc.). Xeralmente, as vítimas senten vergoña e perciben como causa do acoso a súa baixa capacidade para enfrontar as relacións interpersoais, diminuíndo así a súa autoestima (Castro Santander, 2007). Amais, en palabras de Díaz-Aguado (2004), soen existir dous tipos: vítima típica ou pasiva, e vítima activa. A *vítima típica* ou *pasiva* caracterízase por unha posición social de illamento e o medo ante a violencia, manifestando vulnerabilidade, submisión, inseguridade e tendo certa orientación cara os adultos. A *vítima activa* é menos frecuente e sofre tamén de illamento e impopularidade, aínda que presenta unha tendencia excesiva e impulsiva a actuar e intervir sen pensar na conduta máis axeitada á situación. Hernández e Solano (2007) distinguen un terceiro tipo, a *vítima agresora,* que ten agresores pero tamén é agresora doutros que considera débiles ou menores, reaccionando de forma violenta aos ataques.

No referente ao agresor, este pode provir de calquera estrato social, aínda que hai certas características que comparten, como a situación social negativa e a educación en valores tales como a submisión e a prepotencia. Estas persoas teñen unha certa tendencia á violencia e unha nula capacidade de autocrítica, así como falta de carisma e empatía que os leva a pretender facerse líderes do grupo mediante a forza. Todo isto convértese nunha compensación das carencias emotivas, afectivas e de autoestima e autopercepción, procurando acosar a vítimas consideradas como “sinxelas”. Ademais, pode distinguirse a figura de *agresor activo*, que inicia e dirixe a agresión; e *agresor pasivo*, *seguidor* ou *secuaz*, que reforza e anima as intimidacións sen tomar a iniciativa (Barri Vitero, 2013; Díaz-Aguado, 2004; Olweus, 1993).

Para rematar cos implicados no acoso escolar poden diferenciarse as testemuñas ou espectadores, cunha participación indirecta na situación. O seu papel é fundamental para previr ou deter a agresión, aínda que tamén pode darse unha falta de implicación ou a animación ante estes actos. Estas persoas caracterízanse normalmente polo temor a ser obxecto da violencia, pasando por alto estes sucesos e xurdindo un sentimento de culpabilidade. Dentro deste colectivo pode destacarse o espectador prosocial, observador e cooperador coa vítima; o indiferente culpabilizado, observador pasivo-evitativo e amoral; e o consentidor co agresor (Castro Santander, 2007; Quintana et al., 2011). Pola súa banda, Avilés Martínez (2006) explicita a existencia da *testemuña indiferente*, marcada pola indiferenza e falta de reacción; a *testemuña culpabilizada*, que non actúa polo medo ante o agresor pero recoñece o inxusto dos feitos; e a *testemuña amoral*, que xustifica os actos do agresor. Na Figura 2 poden observarse as características máis significativas dos implicados e implicadas.

Figura 2. *Características dos implicados e implicadas*

Vítima	• Sentimento de vergoña, indefensión e baixa autoestima • Calquera persoa pode chegar a estar neste lugar
Agresor/a	• Tendencia á violencia e nula capacidade de autocrítica • Pretensión de chegar a líder mediante a forza
Testemuña	• Papel fundamental para prever ou deter a agresión • Participación indirecta

Cabe destacar que todas as accións relacionadas co acoso escolar teñen consecuencias directas nos implicados. Non obstante, a persoa máis afectada é a vítima, na que poden darse sentimentos negativos como medo, angustia, tristeza, inferioridade ou culpabilidade; baixa autoestima, illamento, desconfianza e introversión; condutas agresivas; trastornos psicolóxicos e emocionais como depresión, estrés ou ansiedade; síntomas psicosomáticos como insomnio, vómitos ou dores de cabeza; dificultades de aprendizaxe e baixo rendemento escolar; desinterese, absentismo ou fobia á escola; ou suicidio, sendo este último o máis drástico (Hernández e Solano, 2007; Monjas e Avilés, 2006).

Todo este proceso que se menciona segue unha secuencia típica, podendo discernir 5 fases na súa evolución. Así, o *bullying* comezaría por incidentes críticos que dan lugar ao acoso escolar, social e familiar. Logo aparece a fase de latencia e xeneralización do dano psicolóxico, xurdindo manifestacións psicolóxicas e psicosomáticas. Para finalizar estaría a expulsión

ou autoexclusión da vítima e a cronicidade do dano, ou ben a resolución do conflito e protección do neno ou nena (Oñate e Piñuel, 2007).

En definitiva, tal e como aportan Garaigordobil e Oñederra (2010) e Castro Santander (2007), un acto de acoso escolar está caracterizado pola existencia dunha vítima indefensa atacada por un ou varios agresores, e pola desigualdade de poder e forzas entre estes suxeitos. Esta situación persiste no tempo e ten certa periodicidade, tendo o agresor a intención de excluír á vítima a través de diversas formas que lle provocan un sufrimento á mesma. Por conseguinte, á hora de detectar un caso deste tipo deberán terse en conta as condutas recoñecidas como parte do *bullying*, a repetición das mesmas e a duración no tempo, cun progreso que afecta á crianza e a todos os ámbitos da súa vida.

1.1. Tipoloxías e formas de acoso

A realidade abordada neste documento pode aparecer de distintos modos, diferenciando así varias tipoloxías segundo o grao de visibilidade ou as accións que implica. Na primeira casuística destacan o *acoso escolar directo*, consistente en ataques abertos á vítima; e o *acoso escolar indirecto*, materializado en forma de illamento social e exclusión deliberada (Olweus, 1993).

Centrando a mirada no contido da acción, Avilés Martínez (2006) sinala diferentes tipos de *bullying:*

- *Bullying físico:* pegar, empurrar, dar patadas, estragar ou quitar cousas.
- *Bullying xestual:* expresións faciais ou posturas corporais negativas.
- *Bullying verbal:* insultar, poñer alcumes ou falar mal de alguén.
- *Bullying social* ou *relacional:* illar, ignorar, rexeitar, non deixar participar ou minguar a autoestima.
- *Bullying racista:* accións negativas relacionadas co menosprezo da etnia como insultos, ridiculizacións por elementos culturais ou exclusións.
- *Bullying sexual:* contactos físicos non desexados, xestos obscenos, comentarios abusivos, demandas sexuais, etc.
- *Bullying "on line":* maltrato a través das tecnoloxías da información e comunicación.
- *Bullying homofóbico:* accións ofensivas relacionadas coa orientación sexual.

- *Bullying de necesidades educativas especiais:* emprego das necesidades especiais como forma de ridiculización ou rexeitamento.

Na mesma orde de ideas, Serrate (2007) distingue entre:

- *Bullying físico:* golpes, empurróns, agresións con obxectos, etc.
- *Bullying verbal:* insultos, alcumes e menosprezo público.
- *Bullying psicolóxico:* manipulación emocional da vítima mediante chantaxes.
- *Bullying social:* illamento da vítima, incluíndo neste tipo a violencia sexista, racial e relixiosa, é dicir, a discriminación en función dunha xerarquía.
- *Bullying sexual:* achegamento sen consentimento, xestos obscenos, demandas sexuais, etc.

Esta clasificación podería completarse coa proposta por Menéndez Benavente (2011) que engade o ciberacoso, referido ao emprego de recursos electrónicos para exercer a violencia. Destaca tamén a posibilidade de que aparezan varios tipos de acoso á vez, sendo o máis frecuente o comezo con agresións verbais xunto coa exclusión e bloqueo social.

Monjas e Avilés (2006) elaboraron outra distribución, establecendo como principais tipos de acoso escolar os seguintes:

- *Físico:* facer dano, ameazar con obxectos, empurrar, dar patadas, cuspir.
- *Verbal:* insular, poñer alcumes, burlarse.
- *Psicolóxico:* todo acto que baixe a autoestima e proporcione inseguridade como ridiculizar, ameazar e atemorizar, buscar pelexa ou gastar bromas pesadas con burla.
- *Interpersoal ou social:* illamento, manipulación das relacións, desprestixio, exclusión ou marxinación.
- *Sexual:* abuso, acoso ou chantaxe sexual.
- *Acoso on-line:* emprego das tecnoloxías da información e comunicación para establecer contacto cun contido obsceno, ofensivo e/ou ameazante.

En conclusión, obsérvase que existen diversas clasificacións sobre o acoso escolar, polo que non hai un consenso sobre as tipoloxías do mesmo. Porén, a grandes trazos pode considerarse que o *bullying* presenta cinco modos de materialización nos que coinciden a maioría de autores: o acoso físico, o verbal, o social, o psicolóxico e o ciberacoso (Figura 3). Cada un deles ten unhas

características singulares e unha maior ou menor presenza, mais todos teñen en común a intención de danar á vítima e a asunción do poder por parte do agresor.

Figura 3. *Tipos de acoso escolar*



1.2. Factores de risco e causas

Do mesmo modo que en calquera fenómeno complexo, detrás do acoso escolar non hai unha única causa, senón que existe un conxunto de factores que actúan desde diferentes ámbitos e poden ter relación directa coa súa aparición, facendo referencia así á multicausalidade. Os factores de risco predín a posibilidade de que ocorra un fenómeno e, tal e como expón Avilés Martínez (2006), están ligados ás características persoais dos suxeitos que interveñen, á calidade das dinámicas que se establecen nos ámbitos de socialización, e a aspectos socioculturais e da institución escolar. Establécense así 5 tipos de factores que poden influír nesta realidade: persoais, familiares, escolares, sociais e culturais (Figura 4).

Figura 4. *Factores causais do acoso escolar* (adaptado de Avilés Martínez, 2006)



Os factores culturais son aparentemente invisibles e non se consideran directamente implicados na aparición do acoso, pero dificultan a loita contra o mesmo. Estes soen estar asentados nos grupos sociais e vistos como costumes aceptadas. Dentro deles atópase a influencia dos medios de comunicación de masas, que transmiten trazos violentos nas personaxes e a necesidade de empregar a forza para conseguir os obxectivos. Tamén se inclúe o "ideario" de determinados grupos, nos que se pode chegar a empregar a agresividade para formar parte ou por lealdade ao líder. Xunto a isto, a cultura das armas en lugares onde é sinxelo acceder á súa posesión incide na tendencia cara a brutalidade (Avilés Martínez, 2006; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

Os factores sociais engloban as condicións socioeconómicas de pobreza, os prexuízos, a permisividade e a indulxencia que se esconde en expresións que xustifican o *bullying.* Na mesma orde de ideas, destacan as opinións políticas e relixiosas, as actitudes racistas, a exaltación da masculinidade e o rexeitamento social de grupos minoritarios. Igualmente, xogan un papel importante a violencia estrutural e a pobreza, xunto cos modelos transmitidos polos medios de comunicación (Avilés Martínez, 2006; Collell e Escudé, 2016a).

Por outra banda, os factores escolares compóñense fundamentalmente da calidade do sistema escolar e a súa dinámica, ademais da estrutura organizativa e as fórmulas para xestionar a convivencia. Deste modo, influirán aspectos como o tamaño do centro e da aula, a organización e a "filosofía" do colexio, a metodoloxía escolar, a presenza de adultos, e a opinión e intervención do profesorado. Na propia aula deberán terse en conta a metodoloxía, os contidos e valores presentes, e a comunicación e relación entre o alumnado e co mestre ou mestra. Amais, entre o grupo de iguais serán relevantes as variables relacionadas co status sociométrico do neno ou nena (grao de aceptación no grupo) e o número e calidade das amizades (Avilés Martínez, 2006; Collell e Escudé, 2016a; Simoes e Hernández, 2014).

Alén do anterior, a familia é o primeiro núcleo no que se aprenden as relacións interpersoais e modelos de comportamento, polo que os factores familiares terán un papel primordial. Por conseguinte, terá influencia a calidade dos vínculos emotivos nas idades temperás e da dinámica das relacións familiares, e os estilos educativos dos proxenitores. Tamén repercutirán as

condicións socioculturais e económicas da familia, así como a tolerancia ante as agresións e a conflitividade familiar (Avilés Martínez, 2006; Collell e Escudé, 2016a; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

Finalmente, no ámbito persoal poden diferenciarse os factores internos e externos, todos eles susceptibles de actuar como estímulos discriminatorios que serven como motivo da violencia. As manifestacións externas son físicas e visibles, e están relacionadas con aspectos como a vestimenta, estatura, orientación sexual, obesidade, etnia, necesidades educativas especiais, etc. No relativo aos factores persoais internos, estes teñen que ver co herdado e temperamental, elementos que inflúen directamente na conduta. Con todo, a falta de amizadas, as relacións negativas previas ou o fracaso escolar poden repercutir no aparecemento do acoso escolar (Avilés Martínez, 2006; Simoes e Hernández, 2014).

Tal e como se observa nestas liñas, non existe causa única pola que se explique a aparición dun caso de *bullying*. Por esta razón, hai outros estudos que se centran en investigar este fenómeno como no caso de Carozzo et al. (2012), que establece como factores de risco os persoais, familiares, contextuais, a influencia do centro educativo e a dos medios e comunicación (Figura 5).

Figura 5. *Factores de risco da aparición do acoso escolar*

Ao falar de factores persoais estase facendo referencia a aspectos vinculados ás características biolóxicas, psicolóxicas e de comportamento da persoa. Polo tanto, considéranse desta tipoloxía elementos como o sexo, a idade, o baixo éxito escolar, a perda ou inexistencia de control de impulsos e a propia personalidade. Do mesmo xeito, trazos como a agresividade, a impulsividade, a falta de empatía, as dificultades nas habilidades sociais e de comunicación, e os problemas de autoestima e inseguridade emocional poden marcar as figuras implicadas nun caso de acoso (Carozzo et al., 2012; Farrington e Baldry, 2006; Sánchez Aneas, 2009).

Noutra orde de ideas, poden aparecer factores que propicien a brutalidade no seo familiar, como a falta de socialización ou comunicación familiar, a relación entre os proxenitores, os estilos de crianza, a falta de límites ou a exposición á agresividade na familia. No entanto, a escola xoga un papel fundamental neste senso, polo que poderá influír o seu tamaño e estrutura, a atmosfera, o sistema de xestión da disciplina ou a metodoloxía. Terá tamén repercusión a interacción entre os compoñentes da comunidade educativa, a actitude docente, a influencia da dirección e os programas de prevención ante a violencia escolar que se leven a cabo (Blaya, 2006; Smith, 2006; Tillmann, 2006).

Por último, os factores contextuais fan referencia a cuestións como a posible pobreza e baixa calidade de vida; e o sistema de crenzas que pode chegar a xustificar accións agresivas. En relación con isto, os medios de comunicación transmiten modelos de conduta concretos que poden incitar a aparición da violencia (Carozzo et al., 2012).

Ao mesmo tempo, Monjas e Avilés (2006) camiñan cara explicacións baseadas nos modelos contextuais e ecolóxicos, referíndose así ao acoso escolar como un fenómeno multideterminado. Desta forma, o *bullying* é o resultado da interacción de distintos elementos como as variables e historia persoal, as variables familiares, as variables escolares, e as variables ambientais, sociais e culturais (Figura 6).

Figura 6. *Variables implicadas na aparición do bullying*



Como pode revisarse nas liñas anteriores, o acoso pode darse por múltiples causas, existindo unha serie de factores de risco que propician o seu inicio. Nesta situación, é fundamental analizar os elementos que compoñen o contorno da crianza e os que teñen que ver coa propia persoa, xa que serán o punto de partida para poder abordar estes casos e loitar contra as dificultades.

1.3. Panorama do acoso na actualidade

O acoso escolar é un feito que está presente na nosa contorna e, de xeito xeral, en todo o Estado español. A pesar disto, a súa incidencia nas aulas de Educación Infantil é un aspecto pouco investigado, pois os estudos sobre este tema son escasos debido á dificultade de medir estes feitos a idades temperás e á posible confusión destes actos con conflitos comúns. Con todo, pode afirmarse que a estas idades xa comezan a observarse formas directas e indirectas de agresión, sendo máis frecuentes as primeiras co acoso físico e o verbal. Algunhas investigacións expoñen que aproximadamente o 25% dos escolares neste ciclo vense involucrados nalgunha situación de *bullying* (Alsaker e Vilén, 2010).

Aínda que nesta etapa non se aprecia en gran medida o acoso escolar, en Educación Primaria a visibilidade comeza a aumentar e aparecen con maior forza as primeiras manifestacións desta realidade. O primeiro estudo oficial que se levou a cabo foi elaborado polo Defensor del Pueblo (2000), incluíndo cifras das Comunidades Autónomas en diferentes formatos, polo que non aporta datos concluíntes. Porén, obsérvase que o *bullying* está presente en máis do 50% das escolas e, dende a perspectiva das vítimas, destaca a agresión verbal (insultos) cun 33,8%, sendo menos frecuente a agresión física (4,1%).

A actualización do anterior informe (Defensor del Pueblo, 2007) apunta unha porcentaxe superior de alumnado que presenciou diferentes tipos de maltrato, continuando coa maior frecuencia a agresión verbal (49%-55,8%). Esta é seguida pola exclusión social (22%) e a agresión física directa como pegar (14,2%), roubar (10,5%) ou romper cousas (7,2%), accións que suceden principalmente na aula e en ausencia do docente. Dende a mesma perspectiva, os nenos e nenas inmigrantes son ignorados nun 20% dos casos, unha porcentaxe que duplica á das crianzas autóctonas nesta situación.

A investigación realizada por Serrano e Iborra (2005) dende o Centro Reina Sofía amosa que o 75% dos cativos entrevistados foron testemuñas de

agresións na escola, principalmente de tipo emocional (84,3%). Tamén están presentes o maltrato físico (76,5%), o vandalismo (17,2%), o maltrato económico (10%) e o abuso sexual (1,3%). A maioría destas situacións danse no patio (71,3%) e un 28,5% das testemuñas non actúan, tomando as restantes un papel activo coa súa intervención no conflito ou coa comunicación co profesorado, vítima ou agresor. Do mesmo modo, o 14,5% das crianzas declaran ser vítimas de agresións na escola, sobre todo de tipo emocional (82,8%) e físico (50,9%); e o 7,6% recoñécense como agresoras, exercendo o maltrato emocional e físico.

Outro estudo elaborado a nivel nacional é o pertencente a Oñate e Piñuel (2007), que indica que un de cada catro alumnos e alumnas (25%) sofre acoso escolar, dándose unha diminución desta violencia a medida que aumenta a idade durante a Educación Primaria. Nesta orde de ideas, as accións negativas máis frecuentes son os alcumes (14,7%) e o feito de retirar a palabra (14,4%), sendo a ridiculización o menos habitual (5,3%). Así mesmo, Serrate (2007) incide en que a participación neste tipo de sucesos é maior no xénero masculino.

Dende un enfoque máis recente, Calmaestra et al. (2016) sinalan que un 9,3% dos estudantes españois foron vítimas de acoso, sendo na súa maioría nenas. Esta cifra, extrapolada ao conxunto da poboación, ascende a 111.000 menores. Neste informe tamén se inclúe que un 5,4% dos enquisados acosou a alguén, repartíndose as porcentaxes anteriores entre as diferentes formas de acoso (insultos, golpes, rumores, ameazas, exclusión e roubos). Non obstante, teñen unha maior incidencia os insultos, tanto directos como indirectos.

Recorrendo a cifras máis concretas, no ano 2017 tense constancia de 1054 denuncias de acoso escolar, aumentando así un 11,65% dende o ano anterior, que presenta 944 denuncias. Nestas situacións, a maioría das vítimas pertencen á Educación Secundaria Obrigatoria, pois no ano que se menciona foron un total de 109 denuncias da etapa de Educación Primaria (Europa Press, 2020). Sinálase tamén que o 15,4% do alumnado de España (18,2% dos varóns e 12% das rapazas) sufriron algunha forma de *bullying* (UNESCO, 2019).

Pola súa banda, o informe PISA (Ministerio de Educación e Formación Profesional, 2019) amosa que en España o 17% dos estudantes afirman sufrir algún tipo de acoso. Desta forma, sitúase por debaixo da media dos países de OCDE, que contan cun 23%. No entanto, a cifra do estado español aumentou en 3 puntos porcentuais dende o ano 2015.

En relación con todos os datos mencionados, un estudo do Ministerio de Educación e Formación Profesional do ano 2019 (Europa Press, 2020) amosa que é mínima a diferenza entre xéneros da vítima (1%). Secasí, a investigación de Moreno et al. (2020) indica que a porcentaxe é maior nos nenos (13,4%) que nas nenas (11%), facéndose menor esta incidencia coa idade.

Cabe mencionar que as cifras de *bullying* diminuíron logo do confinamento pola pandemia, pasando dun 34,1% no 2019 a un 15,2% entre os anos 2020 e 2021. Pola contra, aumentaron as agresións en grupo, primando os insultos, alcumes e burlas, seguidos pola difusión de rumores, os empuxóns e o illamento (Fundación ANAR e Fundación Mutua Madrileña, 2021).

A nivel galego esta realidade está pouco investigada, polo que son escasas as análises da súa incidencia. Habitualmente, os datos relacionados con Galicia forman parte de estudos máis extensos como o elaborado polo Defensor del Pueblo (2000), no que só se contabilizou un caso en Pontevedra no curso 97-98. Dende outra perspectiva, Oñate e Piñuel (2007) aportan unha incidencia do acoso escolar dun 22,40% en Galicia, situándoa na media española.

Outros datos máis recentes son os recadados por Calmaestra et al. (2016), que colocan a esta Comunidade por debaixo da media española de acoso escolar (9,3%). Galicia conta cun 8,4% de alumnado vítima de *bullying*, unha cifra que supera ás de outros lugares como Madrid, Cantabria ou Castela e León. A incidencia relacionada coas vítimas segue unha dinámica similar ás anteriores, mentres que a vinculada aos agresores sitúase nos niveis máis baixos de España cun 3,6% que recoñecen selo.

Para finalizar, Europa Press (2020) apunta un total de 71 vítimas de *bullying* en Galicia no ano 2017, sendo así a quinta comunidade con máis incidencia logo de Andalucía, Madrid, Comunidade Valenciana e Canarias.

1.4. Normativa

Ao abordar un tema como o acoso escolar é preciso ter en conta un enfoque de dereitos da infancia, tratando de garantilos e protexelos. Deste xeito, é necesario facer unha revisión dos marcos lexislativos e normativos relacionados co ámbito da educación e observar así como se afronta esta realidade dende as diversas institucións. Neste senso, no contexto español non se conta con ningunha Lei

que regule especificamente a violencia na infancia, aínda que existen referencias normativas con aspectos relevantes sobre o tema (Orjuela et al., 2014).

En primeiro lugar atópase a Constitución Española, que inclúe dereitos fundamentais relacionados co desenvolvemento da personalidade, respectando os principios democráticos da convivencia e dos propios dereitos (art. 15, 17, 18 e 27). Así mesmo, o *Real Decreto 732/1995, de 5 de mayo, por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros,* instaura os dereitos e deberes fundamentais dos alumnos e alumnas. Especialmente, o *art. 17* ten unha conexión directa co tema do presente documento, indicando que "todos los alumnos tienen derecho a que se respete su integridad física y moral y su dignidad personal, no pudiendo ser objeto en ningún caso, de tratos vejatorios o degradantes" (p. 8).

A *Ley 27/2005, de 30 de noviembre, de fomento de la educación y la cultura de la paz,* contempla o compromiso do goberno de levar a cabo iniciativas que promovan a paz como no caso da inclusión de materias especializadas, materiais didácticos que transmitan valores de non-violencia, ou a formación de adultos. Nesta liña, unha das iniciativas para loitar contra o acoso escolar establécese no *Real Decreto 3/2018, de 12 de enero, por el que se modifica el Real Decreto 275/2007, de 23 de febrero, por el que se crea el Observatorio Estatal de la Convivencia Escolar.* A través del confórmase unha institución que pretende asesorar sobre situacións relacionadas coa aprendizaxe da convivencia escolar.

Finalmente, a *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación,* implanta como principios do sistema educativo a non discriminación, a tolerancia, a liberdade persoal, a convivencia democrática, ou o respecto, incidindo na necesidade da prevención do *bullying*. Ademais, tal e como explica Sánchez Aneas (2009), os currículos escolares deben concretar estas liñas e incluír dinámicas que incidan no coñecemento da seguridade cidadá e recursos para previr a violencia.

No relativo a Galicia, existen diversos documentos que tratan esta realidade presente no ámbito educativo como o *Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.* Este ten como finalidade a aplicación das medidas establecidas pola *Ley 27/2005, de 30 de noviembre, de fomento de la educación y la cultura de la paz.*

Pola súa banda, a *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa,* trata de regular as normas básicas e convivencia das escolas galegas. Existe tamén o *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

Para rematar é preciso mencionar o *Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso,* elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (2015). Este aporta unhas determinadas pautas para identificar o *bullying* e un protocolo de actuación que conta con catro fases (Figura 7). Tamén contén estratexias de prevención e diversos elementos que serven de base para contextualizarse e adaptarse ao centro e á súa contorna.

Figura 7. *Fases de actuación acoso escolar* (adaptado de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2015)



1.5. Prevención do acoso escolar

Os problemas que xorden entre o alumnado non comezan dun xeito repentino, senón que soen ser a punta dun iceberg composto por diversas relacións interpersoais nas que se dan enfrontamentos. Por este motivo, a intervención preventiva, é dicir, aquela que busca a creación dun bo clima de convivencia, constitúe a mellor opción para tentar frear a aparición dunha problemática deste tipo (Ortega e Fernández, 1998). Previr é, tal e como sinala a Real Academia Galega (2022), “tratar de evitar (un dano, perigo ou cousa desagradable)”, polo que é unha acción que se leva a cabo antes da aparición do conflito e pode ser o motivo polo cal non chegue a desenvolverse.

Dentro da prevención poden diferenciarse varios tipos, como a primaria, secundaria e terciaria (Táboa 1), coincidindo esta última coa propia intervención. En xeral, a prevención ten múltiples vantaxes como o seu menor custo, a súa eficacia, a proximidade dos instrumentos e recursos á comunidade educativa, e

a maior facilidade en comparación coa intervención nunha situación deteriorada. Polo tanto, a actuación do profesorado debe dirixirse a unha prevención primaria para que o problema non comece, sen esquecer a secundaria, é dicir, poñer os medios para que non se estenda a conduta negativa (Blanchard e Muzás, 2007; Ortega e Fernández, 1998; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

Táboa 1*. Tipos de prevención* (adaptado de Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011)

	Primaria	**Secundaria**	**Terciaria**
Actuación	Antes do problema.	Ante episodios illados ou factores de risco.	En casos de acoso.
Obxectivo	Impedir o acoso.	Evitar a consolidación dos episodios.	Evitar o empeoramento da situación.
Implicados	Persoas próximas ás crianzas (familia, docentes, etc.)	Titores, titoras e familias asesoradas por especialistas.	Especialistas en colaboración coas persoas próximas.

En palabras de Calmaestra et al. (2016), "la prevención pasa, en primer lugar, por la toma de conciencia de estas formas de violencia entre iguales" (p. 15), polo que é preciso saber da súa existencia e da necesidade de loitar contra ela dende a familia, a escola e a sociedade. Será imprescindible coñecer a natureza instintiva da agresividade, que non sempre responde a unha causa externa e que se presenta nun conflito, sendo fundamental canalizala para evitar episodios de violencia, unha conduta aprendida e unida á falta de autocontrol (Menéndez Benavente, 2011; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

Para resolver estes enfrontamentos é primordial a implicación de toda a comunidade educativa e a sociedade en xeral, debido a que se trata dun fenómeno que provén das relacións. Malia isto, recoméndase comezar pola educación e as relacións entre a familia e a escola, pois será nestes lugares onde se atopen frecuentemente as causas das dificultades ao compartir espazos, actividades, normas e sistemas de poder. Así mesmo, o proceso preventivo precisará contornos vitais de calidade, polo que este procedemento dará comezo na familia, un ambiente determinante na conduta das crianzas (Castro-Morales, 2011; Garaigordobil e Oñederra, 2010; Ortega e Del Rey, 2008).

Seguindo as consideracións de Díaz-Aguado (2016), o fogar é un lugar imprescindible para adquirir aspectos como a confianza, a empatía e a conformación da propia personalidade. Para isto, os vínculos familiares deben basearse na confianza e seguridade, superando o modelo de dominio-submisión

e avanzando cara estilos baseados na democracia. Do mesmo xeito, os compoñentes da familia deben proporcionar atención continua, responder con sensibilidade e coherencia ás demandas de atención do neno ou nena, e ofrecer apoio emocional e oportunidades para aprender a autorregularse.

Por outra parte, é importante ensinar a respectar os límites, favorecer a capacidade de esforzarse e estruturar a conduta con coherencia, procurando conseguir un protagonismo positivo en contextos de comunicación. Igualmente, o adulto ou adulta deberá coñecer e comprender as características evolutivas das crianzas e os seus respectivos cambios, anticipándose a posibles situacións problemáticas e coidando as mensaxes recibidas indirectamente (contos, xoguetes, medios de comunicación, etc.).

Para que a familia sexa capaz de lograr estes ideais será útil a intervención directa, proporcionándolles coñecementos sobre como reaccionar ante condutas violentas e promover unha representación da violencia que permita previla. Esta formación poderá ser a través da participación en talleres e cursos que traballen a mellora da convivencia no fogar (Simoes e Hernández, 2014; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

Como se menciona anteriormente, para que a prevención sexa efectiva debe implicar a toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, persoal non docente e Administracións), xa que o acoso escolar é un problema que afecta a todos os colectivos. Ademais da familia, a escola é un dos lugares máis importantes de socialización, onde os cativos aprenden a relacionarse de xeito positivo e constrúen a súa propia persoa. Por conseguinte, nestes lugares deben establecerse límites e normas claras e coherentes, cuxo incumprimento levará a sancións que propicien cambios cognitivos, emocionais e condutuais. Neste caso, a disciplina axudará a loitar contra a exclusión e levarase a cabo nun contexto de democracia participativa coa creación das normas en consenso (Bautista Alonso, 2020; Castro-Morales, 2011; Rodríguez, 2006).

Focalizando a atención no marco educativo, neste será indispensable crear climas marcados pola empatía e a colaboración, elementos claves na solución de conflitos. Secasí, os problemas deberán ser considerados tamén como unha oportunidade de aprendizaxe e diálogo, existindo a *conceptualización positiva do conflito.* Buscarase o positivo destes momentos e introducirase a mediación e o recoñecemento do valor de cada neno e nena,

buscando así a confianza e a implicación de todos eles e elas (Collell e Escudé, 2016b; Díaz-Aguado, 2004; Medina e Cacheiro, 2014; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011).

A nivel de centro existen tres tipos de estratexias (xerais, curriculares e organizativas) para crear dinámicas participativas que promovan o pensamento crítico (Figura 8). Todo isto estará acompañado dun enfoque multidisciplinar, abarcando aspectos como as programacións, a organización do centro e dos recursos, e os espazos do colexio (Barri Vitero, 2013).

Figura 8. *Medidas escolares de prevención do bullying*



En primeiro lugar, tal e como aclaran Blanchard e Muzás (2007), é preciso facer un Plan de Acollida e Avaliación Inicial que permitan coñecer o punto de partida de cada neno e nena e establecer algunhas medidas preventivas para fomentar a inclusión. Deste xeito, as que pretendan acadar unha convivencia pacífica deben ter o seu lugar no Plan de Acción Titorial, atopándose nel tamén o Plan de Convivencia, que nace da necesidade de que toda a comunidade educativa reflexione sobre este tema e busque estratexias para poñerlle fin.

No Proxecto Educativo de Centro poderán establecerse liñas xerais de actuación para a escola, que serán especialmente importantes para o titor ou titora. Esta figura é clave na prevención xa que ten un contacto continuado e extenso co grupo, podendo traballar temas deste tipo. Ademais, será a encargada de proporcionar experiencias significativas que propicien o cambio, xa que moitas crianzas terán carencias neste campo fóra do colexio. En consecuencia, abordarase o ámbito emocional adaptado á idade e nivel

madurativo do alumnado, centrando así o procedemento no conxunto da aula (Simoes e Hernández, 2014; Suckling e Temple, 2006).

Dende outra perspectiva, Collell e Escudé (2016b) dividen as estratexias preventivas en tres bloques: a potenciación da xestión participativa da vida do centro, o traballo da competencia emocional e o fomento dunha metodoloxía centrada no traballo en equipo. Por tanto, debe levarse a cabo un liderado claro e establecer normas consensuadas e mecanismos de resolución de conflitos. Tamén é preciso tratar a competencia emocional, detallada posteriormente, como elemento clave para resolver dificultades nas relacións interpersoais. Así mesmo, a metodoloxía empregada debe fomentar a aprendizaxe cooperativa e incorporar sistemas de axuda entre iguais como o proxecto de alumnos e alumnas axudantes, o compañeiro lector ou o compañeiro guía.

No referente ás relacións, é inevitable ampliar a mirada e non centrarse soamente nas que se ven implicados os cativos e cativas. Deste modo, a relación entre o profesorado é fundamental, sendo positivo o traballo en equipo para axudarse e loitar contra o acoso escolar. Ademais, é elevada a falta de formación no relacionado coa prevención do acoso, volvéndose imprescindible a aprendizaxe e os intercambios con outros profesionais (Díaz-Aguado, 2004).

Tamén é necesario considerar a relación entre a familia e a escola, xa que resulta primordial crear unha colaboración directa entre docentes, administradores, familias, alumnado e contorna para loitar contra o *bullying*. Non obstante, dar lugar a este feito require tempo e enerxía, de xeito que o centro debe invitar, implicar e incrementar a participación das familias para que estas se sintan cómodas. Nesta postura non debe esquecerse que unha situación de *bullying* provoca tensións no fogar, sendo necesario calmarse e tratar de informarse do sucedido co titor ou titora nunha relación de respecto mutuo. En dito proceso, a finalidade é buscar unha estratexia para deter o problema e chegar a unha solución, polo que o camiño a seguir basearase na serenidade e comunicación directa (Díaz-Aguado, 2016; Suckling e Temple, 2006).

Nesta relación familia-escola vólvese un piar básico o aporte de información ao contexto da crianza, sendo a entrevista e a reunión as principais canles de comunicación. Nelas incidirase na relación dinámica, na implicación do neno ou nena no proceso e nun obxectivo implícito, buscando a eliminación do illamento do colexio da sociedade. Igualmente, buscarase a cooperación con

outros axentes como as administracións locais ou as organizacións non gobernamentais (Blanchard e Muzás, 2007; Díaz-Aguado, 2004).

En definitiva, tal e como sinalan Suckling e Temple (2006), é preciso adoptar un enfoque global do centro, algo que permitirá afrontar os problemas eficazmente e cun fundamento sólido. Neste senso, a escola pretende crear un clima de resolución e prevención de conflitos, para o que resulta necesario potenciar ambientes e relacións caracterizadas pola empatía, a colaboración e a confianza. Para isto eliminaranse os estereotipos e concepcións negativas duns nenos e nenas cara outros, camiñando cara a conformación de relacións sas.

Finalmente, a prevención pasa por traballar as condutas dos cativos e cativas, polo que se deberá confiar na súa participación activa no procedemento. Para conseguilo, o alumnado precisa ter certa formación no tema e en aspectos como a educación en valores (non violencia, tolerancia á diversidade, etc.), a cidadanía dixital responsable e a educación emocional. Desta forma, poderanse levar a cabo axudas mediante o apoio entre iguais, con iniciativas como os sistemas de colaboración, os equipos de axuda, a mediación, a orientación ou a titoría (Calmaestra et al., 2016; Serrate, 2007).

Para loitar contra o acoso escolar e previlo, é necesario traballar no desenvolvemento de actitudes e valores humanos. Neste senso, a educación emocional é unha forma de prevención primaria e un proceso educativo continuo e permanente que pretende tratar as emocións e os seus efectos no comportamento. Tamén aborda as competencias emocionais, distinguindo entre elas a capacidade de autorreflexión (identificación e regulación das propias emocións) e a habilidade de recoñecer o que pensan ou senten outras persoas (empatía, comunicación non verbal, habilidades sociais, etc.). Todas estas competencias, tales como a conciencia, regulación e autonomía emocional, permiten controlar os impulsos dunha emoción, un paso importante para previr condutas violentas que fomenta a madurez persoal (Bisquerra e Pérez-Escoda, 2016; Rodicio-García e Iglesias-Cortizas, 2011; Serrate, 2007).

Malia que isto é o desexable, no actual sistema educativo non existe unha educación emocional de calidade. Así, seguen a estar vixentes os postulados que transmiten a necesidade de agochar os sentimentos e as emocións debido aos valores androcéntricos imperantes. Por conseguinte, vólvese máis necesaria a introdución na educación das crianzas de valores ético-morais como a

solidariedade, igualdade, cooperación, tolerancia, etc., e o desenvolvemento de condutas prosociais. Todo isto levará á comprensión e respecto das diversas facetas emocionais, tratándoo a través de recursos como películas, xogos, debates, asembleas, representacións e outras actividades, xunto co modelo do comportamento docente (Barri Vitero, 2013; Garaigordobil e Oñederra, 2010).

Toda esta aprendizaxe, tal e como indican Simoes e Hernández (2014), é imprescindible para desenvolver relacións sas e amables, ademais dos beneficios da educación emocional que fomenta o autocoñecemento e o control das emocións, aspectos necesarios para previr a violencia. Igualmente, o corpo docente debe promover a autorregulación e autocrítica por parte do alumnado, deixando progresivamente a regulación e avaliación externa e pasando así a unha maior compresión do proceso de aprendizaxe e aumento da implicación. Nesta orde de ideas, na aula debe primar un clima de confianza e comunicación, empregando grupos de traballo heteroxéneos e o debate e discusión non violentos.

En xeral, un dos obxectivos principais da prevención do acoso escolar é a mellora da calidade das relacións interpersoais, antepoñendo o respecto e a empatía nestas interaccións. Deste xeito, será preciso introducir unha xestión democrática da vida da aula e unha metodoloxía baseada na cooperación. Nesta situación, debe asumirse que as emocións e os vínculos sentimentais poden educarse, requirindo isto dunha planificación e mellora permanente da competencia docente no tema (Ortega et al., 2010).

Para finalizar, segundo concreta Bautista Alonso (2020), a prevención na etapa de Educación Infantil centrarase no traballo da convivencia e os valores, realizando actividades cooperativas e falando aberta e directamente sobre o *bullying.* Tamén se levarán a cabo outras dinámicas como establecer en conxunto as normas da aula ou empregar contos e representacións para comprender os sentimentos alleos e as condutas incorrectas. Do mesmo modo, o xogo e a actitude docente serán unha parte primordial do procedemento e poderán nomearse alumnos e alumnas que leven a cabo un papel de mediación.

2. Desenvolvemento psicosocial da infancia

O estudo e revisión dos procedementos característicos da infancia constitúe unha peza clave para prever situacións que poidan provocar unha dificultade no ámbito social ou problemas durante o crecemento da crianza. Esta información obtense a partir da investigación dos procesos evolutivos e do coñecemento da interacción entre forzas internas e externas que forman a personalidade do suxeito. Así, comprender o desenvolvemento psicoafectivo (procesos sociais, afectivos e cognitivos) da etapa infantil propicia un achegamento ao normal funcionamento emocional e aos aspectos a ter en conta na prevención dunha problemática como o acoso escolar (Zabaraín e Sánchez, 2009).

En primeiro lugar, tal e como explicita Palau Valls (2005), o desenvolvemento cognitivo debe ser entendido como a evolución do coñecemento dos individuos. Este procedemento comeza no nacemento e segue un longo camiño perceptivo de recepción, discriminación, interpretación e integración de estímulos sensoriais pola necesidade biolóxica que ten o cativo ou cativa de coñecer o mundo que o rodea. Desta forma, a acción do neno ou nena ten un papel central e este é capaz de aprender grazas á súa actividade externa (interacción co contexto) e interna (expectativas e obxectivos).

O correcto desenvolvemento cognitivo é clave para a socialización e para adquirir as capacidades necesarias para implicarse no xogo e noutras dinámicas cos compañeiros e compañeiras. Estas boas relacións cotiás axudan a crear un clima amable e pouco conflitivo, onde os pícaros se respectan e se elimina calquera ápice de discriminación ou trato negativo. Do mesmo xeito, a socialización implica procesos mentais de construción do coñecemento social e de adquisición dos contidos socioculturais, é dicir, elementos que envolven a cognición, polo que o coñecemento da mesma é fundamental para tratar de erradicar o *bullying*.

Nesta liña, existen numerosas teorías que tratan de comprender o modo en que o ser humano adquire novas condutas e que factores favorecen este procedemento. Entre elas destaca a do cognitivismo, elaborado por Jean Piaget, que divide o desenvolvemento intelectual infantil en diferentes estadios ou períodos (Figura 9).

Figura 9. *Períodos do desenvolvemento segundo Piaget* (adaptado de Mariscal e Giménez-Dasí, 2017)



O período do pensamento sensomotriz (0-2 anos), segundo Palau Valls (2005) e Mariscal e Giménez-Dasí (2017), comeza estando caracterizado porque o neno ou nena non ten consciencia da súa existencia nin da do mundo que o rodea. As súas condutas reflexas responden a modelos innatos relacionados coas necesidades biolóxicas, sendo modificados debido á interacción co ambiente. O bebé adapta as habilidades innatas ás condicións externas mediante os procesos de asimilación e acomodación, producindo esquemas de acción cada vez máis complexos. Deste modo, remata sendo capaz de pasar de empregar ditos esquemas a utilizar novos medios internos para conseguir o que se propón, é dicir, empeza a facer uso de representacións mentais ou símbolos. Por conseguinte, trátase dunha etapa na que aparece a permanencia do obxecto e así o individuo adquire a capacidade de crear imaxes e representacións internas dos obxectos, sabendo que existen aínda que non estean visibles.

Outra das etapas presentes na Educación Infantil é a denominada como período do pensamento preoperacional (2-6/7 anos), no que se desenvolve a función simbólica e se da renda solta a esquemas representativos como a linguaxe, o xogo simbólico, a imaxinación e o debuxo. Neste momento a intelixencia é de tipo intuitivo, xa que os suxeitos non posúen capacidade lóxica, e o pensamento presenta certas tendencias como o animismo, realismo e artificialismo pola atribución de características subxectivas a obxectos inanimados. Amais, a linguaxe terá unha gran expansión, volvéndose un instrumento que posibilitará outros logros cognitivos (Saldarriaga et al., 2016).

Entre o nacemento e os 6 anos vívese tamén un momento caracterizado polo egocentrismo, sendo incapaces de considerar o pensamento doutras persoas e asimilando a realidade ao propio punto de vista. Os nenos e nenas atópanse nunha fase de aprendizaxe no relativo ás competencias en criterios morais, precisando a adquisición de estratexias que lles permitan enfrontarse a

accións conflitivas. Polo tanto, é imprescindible comezar coa prevención de aspectos como o acoso escolar en idades temperás, axudando á comprensión e resolución de situacións problemáticas (Romera Félix, 2017).

Por outra banda, o desenvolvemento afectivo, tal e como explican López e Ortiz (2014), refírese á dimensión evolutiva relacionada coa incorporación de cada individuo que nace á sociedade que o rodea. Esta integración supón numerosos procesos de socialización, sendo clave as interaccións con persoas achegadas para o desenvolvemento afectivo-relacional durante os primeiros anos de vida. Alén disto, as crianzas chegan ao mundo bioloxicamente preparadas para esta relación, sendo indispensable a correcta evolución da afectividade para o posterior desenvolvemento persoal.

O cativo ou cativa, durante o primeiro ano, precisa do grupo social que o rodea para sobrevivir e resolver as súas necesidades biolóxicas, emocionais, interpersoais e sociais. Concretamente, establece un vínculo directo coa nai nunha relación simbiótica e ten unha clara preferencia polos estímulos que proveñen dos humanos, podendo comunicarse a través de sinais como o pranto, o sorriso ou as expresións emocionais. Deste xeito, desenvolve unha relación especial cun número reducido de persoas que o coidan e o protexen chamada apego. Dentro dos tipos de apego (Figura 10) destaca o *apego seguro* por favorecer en maior medida á seguridade emocional, á saúde física e psíquica, ao correcto desenvolvemento social e á toma de conciencia do propio contexto.

Figura 10. *Tipos de apego*

Apego seguro
- Seguridade e confianza co coidador ou coidadora
- Ansiedade por separación e alegría polo regreso
- Tranquilidade ante os estraños

Apego evasivo
- Ignora a figura de apego
- Falta de reaccións cando desaparece o coidador ou coidadora
- Tranquilidade ante os estraños

Apego de oposición ou ambivalente
- Apego excesivo, con falta de exploración
- Angustia ante a separación e falta de consolo co regreso
- Molestia ante estraños

Apego desorganizado
- Inseguridade
- Condutas variadas, confusas e contraditorias nas situacións estrañas

Grazas á evolución psicomotriz as relacións irán ampliándose cara finais do primeiro ano, aínda que a dependencia dos adultos será total entre os 12

meses e os 2 anos. A partir deste momento comeza unha gran exploración da propia persoa e dos demais, manifestando as preferencias e probando os límites dos adultos, cuxas respostas moldearán os trazos básicos da crianza. Así mesmo, logo do primeiro ano de vida, o desenvolvemento cognitivo, o esquema mental de permanencia e as experiencias de separación e encontros permitirán unha mellor aceptación do contacto físico menos continuo (Mariscal e Giménez-Dasí, 2017).

Entre os 2 e os 3 anos aumenta a socialización e aparece a capacidade de diferenciar os sexos e de recoñecer e nomear as emocións e as súas expresións básicas, creando a necesidade de aprender a ter en conta ao resto e desenvolver a empatía. Os pícaros son capaces de xogar de forma coordinada sen existir predilección por cuestións de xénero, aínda que se dá certa inclinación cara o mesmo xénero por intereses lúdicos compartidos. Do mesmo modo, prefiren xogar cos compañeiros e compañeiras habituais, amosando unha interacción máis complexa cos descoñecidos e rexeitando aos individuos conflitivos.

Dende os 3 aos 6 anos avanzan na súa capacidade de comprender aos demais, comezando aos 3 anos por saber o que pensan e senten outras persoas e explicar as emocións. Aos 4 anos entenden que unha mesma situación pode ter significados diferentes para cada persoa e aos 4-5 anos son capaces de anticipar condutas erróneas noutros a partir de informacións ou crenzas falsas. Durante toda esta etapa continúa o apego pero cunha maior independencia e autonomía por parte dos cativos, de forma que a afectividade sólida posibilita o establecemento de relacións variadas na contorna familiar e social (Taboada e Rivas, 2004).

En xeral, ao final da etapa de Infantil as interaccións sociais son complexas e aumenta o razoamento e negociación das decisións, creando así oportunidades para resolver conflitos. Tamén se amplían as emocións, sendo capaces de inferir o que senten os demais e podendo ocultar emocións. En relación con isto, a linguaxe resulta unha ferramenta básica para expresarse e relacionarse, ampliando o repertorio de sentimentos cara un mesmo e cara o resto (Martín e Alonso, 2011; Sierra e Delgado, 2019).

Todas estas capacidades, relacionadas co desenvolvemento cognitivo e afectivo, son de gran interese á hora de pensar na prevención de aspectos como

o *bullying*. A incipiente evolución da empatía, do autocontrol, da comprensión do que senten os demais e da necesidade de compartir, son fitos ideais para abordar a resolución de conflitos e a expresión e comprensión de sentimentos nun mesmo e nos compañeiros e compañeiras. Nesta orde de ideas, tal e como concretan Taboada e Rivas (2004), fomentar unhas boas relacións entre os proxenitores e as crianzas e proporcionar modelos axeitados é unha boa garantía para o desenvolvemento persoal e interpersoal dos máis pequenos. En consecuencia, trátase dun período primordial para comezar a abordar e previr determinadas problemáticas como o acoso escolar a través do traballo da empatía, os sentimentos e a resolución de conflitos de maneira pacífica.

3. Proposta de prevención

3.1. Fundamento e obxectivos

A partir da revisión e análise de diversos programas que inciden na prevención da violencia na escola pasou a deseñarse a presente proposta. Tendo como punto de partida todo o exposto neste documento centrouse o proceso na prevención, dado que é o elemento que permite evitar actitudes agresivas no colexio e tentar así eliminar posibles situacións de acoso escolar. Tal e como indica Sánchez Aneas (2009), o bo clima de relacións sociais diminúe o risco de agresividade, polo que a práctica preventiva debe orientarse principalmente cara a educación en valores, complementando isto coa concienciación e sensibilización de todos os membros da sociedade.

Nesta situación, a proposta sitúase no nivel primario de prevención para atallar a posible aparición dun problema. Está dirixida á etapa de Educación Infantil en calquera tipo de centro, tanto rural como urbano, aínda que é preciso partir da realidade concreta de cada escola. Desta forma, o presente documento amosa unha idea xeral e inspiradora que deberá ser adaptada ás características particulares do grupo e do contexto. Igualmente, as actividades están caracterizadas pola súa versatilidade, sendo sinxelo modificalas e levalas a outros niveis (Garaigordobil e Oñederra, 2010; Serrate, 2007).

O deseño está orientado a tratar o problema do *bullying* de xeito sistemático, intentando chegar ao máximo número posible de axentes da comunidade educativa e sen limitarse aos suxeitos que poidan ter maiores posibilidades de estar implicados. Malia isto, resulta complexo propor actividades

con repercusión en organismos como a Administración, polo que se dirixirán a tres piares fundamentais da escola: a familia, o profesorado e o alumnado.

En primeiro lugar, a familia é o principal axente de socialización para as crianzas, resultando fundamental crear unha comunicación construtiva entre esta e o centro, amais de favorecer o establecemento de liñas pedagóxicas comúns. Esta relación tamén permite coñecer en profundidade aos pícaros e crear así modelos de prevención adaptados a eles e elas. Ademais, este proceso debe incluír a dotación de información a través de diferentes canles sobre as posibles problemáticas que poden aparecer na contorna escolar, entre elas o *bullying*, axudándolles ás familias a comprender este fenómeno.

No caso do corpo docente, deberase reparar en que o seu papel é imprescindible para realizar programas deste tipo co alumnado, fomentar a súa implicación e servir de guía e modelo. En consecuencia, os mestres e mestras deben informarse sobre asuntos como o que nos ocupa e formarse para dispor de ferramentas e métodos preventivos. O presente deseño incidirá nestes aspectos, fomentando a sensibilización e o compromiso coa erradicación do acoso escolar.

Por último, cos nenos e nenas é indispensable comezar a traballar a concienciación e importancia das relacións amables e a solución de conflitos. A pesar de que nos atopamos na etapa de Infantil, é posible introducir normas de comportamento que se afasten da violencia, pautas para a xestión de conflitos e da ira, e o tratamento da educación emocional para desenvolver a empatía. Todo isto abordarase nas dinámicas que se exporán posteriormente, propoñendo así actividades que pretenden educar en valores e sensibilizar aos cativos e cativas xa dende as primeiras idades da importancia de fuxir destas condutas negativas.

Alén do anterior, á hora de previr o *bullying* é preciso ter en conta os lugares onde aparece con máis frecuencia. En termos xerais, a aula é o espazo máis habitual para as agresións, motivo polo cal as dinámicas propostas se centrarán neste lugar (Serrate, 2007). Do mesmo xeito, tal e como aclaran Garaigordobil e Oñederra (2010), ao tratarse dun fenómeno que provén das relacións a mellor forma de previlo será a través da construción da convivencia. Esta abordarase en parte mediante a educación emocional, con accións encamiñadas a crear un clima positivo, a afrontar os problemas interpersoais e a adquirir competencias sociais (Muñoz Prieto, 2017).

Para acadar todo o exposto nas páxinas anteriores propóñense varias liñas de acción cuns obxectivos concretos, sendo diferentes para cada grupo cos que se pretende traballar (Táboa 2).

Táboa 2*. Obxectivos da proposta*

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
FAMILIA	
1A. Proporcionar información para que as familias e a comunidade educativa poidan coñecer o que é o acoso escolar e as súas características básicas, sensibilizándose ante o tema para loitar pola súa erradicación.	1A-1. Facilitar información básica sobre o *bullying* a través dun encontro das familias cun profesional no tema.
	1A-2. Poñer á disposición das familias nun espazo *web* a información necesaria sobre o acoso escolar para fomentar o acceso a datos fiables e sensibilizar ante o tema.
1B. Comprender os elementos que poden chegar a influír na aparición dun caso de acoso escolar e adquirir ferramentas básicas para poñer en práctica no fogar e tentar reducir así a aparición de condutas que poidan desencadear o *bullying.*	1B-1. Analizar os modelos familiares existentes a través dun DAFO co fin de detectar posibles debilidades que aumenten as posibilidades de aparición de condutas negativas.
	1B-2. Adquirir ferramentas para previr o acoso escolar en forma de consellos prácticos e centrar a atención en síntomas ou signos de alarma.
PROFESORADO	
2A. Coñecer e adquirir información sobre o acoso escolar e as súas características básicas co gallo de ter as condicións necesarias para comezar a súa prevención.	2A-1. Traballar as ideas previas sobre o acoso escolar a través dun curso cun profesional no tema co fin de sensibilizar ao corpo docente para involucrarse na prevención.
2B. Dispoñer de ferramentas básicas e inspiración diversa para previr a aparición do acoso escolar a través da creación de dinámicas, do emprego de recursos variados e do traballo coas crianzas.	2B-1. Crear un equipo de docentes centrado en deseñar iniciativas e regular a prevención do acoso escolar a nivel de centro.
	2B-2. Fomentar o emprego da literatura como medio para previr posibles conflitos favorecendo a concienciación de alumnado e profesorado ante este tema.
	2B-3. Reparar na comunicación de mestres e mestras e aprender a expresar e escoitar de forma correcta para crear un vínculo positivo co alumnado.
ALUMNADO	
3A. Mellorar a convivencia a través da creación de normas e a xestión e resolución de conflitos como medida para reducir condutas negativas.	3A-1. Establecer normas de aula en consenso co alumnado para favorecer as relacións positivas e minimizar conflitos.
	3A-2. Crear un espazo de relaxación para solucionar conflitos e xestionar a propia ira co gallo de evitar accións máis graves.
3B. Fomentar a cohesión do grupo para previr e minimizar problemas a través da valoración da diversidade, a educación emocional e o desenvolvemento da empatía.	3B-1. Valorar a diversidade mediante a focalización nos aspectos positivos de cada compañeiro e compañeira.
	3B-2. Entender as emocións creadas a partir de situacións diversas para aprender a reflexionar antes de actuar e desenvolver a empatía.

3.2. Metodoloxía e plan de traballo

A presente proposta contén unha serie de actividades formativas que pretenden empregar unha metodoloxía activa, motivadora e lúdica, fomentando a implicación dos e das participantes. Deste xeito, as tarefas incluídas non se centran na simple recepción de información, senón que invitan á creación e posta en común para unha mellor comprensión do abordado. Neste senso, tentarase presentalas de forma atractiva e camiñando cara unha aprendizaxe significativa, deixando pegada na formación dos involucrados e involucradas.

No caso das familias e do profesorado preténdese que adquiran información básica sobre o *bullying* a través da implicación voluntaria para ampliar a súa formación. Este proceso será sinxelo e activo, e estará centrado na posible utilidade na vida diaria destas persoas, sendo parte da sensibilización ante o acoso escolar. No que se refire ao alumnado, primará sempre o seu protagonismo positivo neste programa de prevención, favorecendo a colaboración e mellorando a relación coas demais persoas. Procurarase traballar a importancia de evitar a violencia ofrecendo modos alternativos de conduta e abordando todo isto dende a contorna escolar e a familiar. Nestes ambientes amosarase unha coherencia entre os actos e as palabras, así como unha imaxe de confianza, empatía e interese por parte dos adultos e adultas.

Como se comentou anteriormente, as dinámicas incluídas neste documento están dirixidas ao período de Educación Infantil, aínda que a súa versatilidade permite introducir modificacións para levalas a outras etapas. Así mesmo, trátase de modelos que cada mestre ou mestra deberá adaptar ás características concretas do seu grupo, apostando por unha educación individualizada e tendo en conta os intereses e necesidades dos nenos e nenas.

Para finalizar, no relativo ao plan de traballo, a proposta presentada a continuación podería distribuírse ao longo de todo o curso (Anexo B, Táboa 3), podendo modificar esta organización segundo as necesidades presentes. Nesta liña, establécese como favorable o horario de tarde para as dinámicas destinadas ás familias e ao corpo docente, mentres que se desenvolverán durante a xornada lectiva as das crianzas. No entanto, hai determinadas actividades que se levarán a cabo durante todo o curso, polo que non estarán especificadas na táboa de temporalización. Este é o caso de “Nas nosas mans” e “En marcha!” para as familias e “O curruncho da paz” para o alumnado.

3.3. Actividades

3.3.1. Familias

A familia e a contorna da crianza conforman o principal axente de socialización e desenvolvemento dos nenos e nenas. Deste modo, resulta primordial que conten cunha información veraz e valiosa de problemáticas como o acoso escolar co fin de que saiban previlo, detectalo ou combatelo. Esta será unha tarefa, en gran medida, da escola, pois é neste lugar onde se dan os episodios de *bullying.* Polo tanto, a boa comunicación e colaboración entre estes dous axentes será a clave para un correcto desenvolvemento dos cativos e cativas, avanzando así cara un obxectivo común e eliminando calquera enfrontamento.

Para isto, preséntanse un conxunto de propostas que pretenden formar, informar e sensibilizar ás familias sobre esta realidade, contando coa presenza de expertos no tema. Tamén se intenta coas mesmas que a contorna dos pícaros adquira maneiras de proceder para previr esta problemática e entenda cales son os elementos que poden influír na aparición do acoso escolar.

QUE É O ACOSO ESCOLAR?	
Obxectivo xeral: 1A	**Obxectivo específico:** 1A-1
Temporalización: unha sesión no primeiro trimestre.	
Materiais: ningún.	
Descrición: Para comezar a traballar coas familias é fundamental coñecer o que saben sobre o *bullying* e aportar datos fiables para así desbotar as posibles ideas erróneas. Para isto, contarase no centro cun taller a cargo dun profesional experto ou experta no tema, que poderá ser psicólogo/a ou investigador/a, por exemplo. Nesta sesión abordaranse aspectos como o que é o acoso escolar, que tipos poden existir, as súas características básicas, os implicados, as variables que poden influír nos perfís de vítima e agresor, e mesmo as consecuencias derivadas destes episodios. Por outra parte, as familias terán a oportunidade de manifestar as súas ideas e preocupacións ante este asunto, compartindo e formándose co encargado do taller sobre o que poden facer nos fogares para axudar a previr este problema. Tamén se tratará a forma de actuar no caso de presenciar un episodio de *bullying.*	

A NOSA FAMILIA	
Obxectivo xeral: 1B	**Obxectivo específico:** 1B-1
Temporalización: unha sesión no segundo trimestre.	

Materiais: presentación de modelos familiares, ordenador e proxector, papeis cos DAFO, bolígrafos e vídeos.
Descrición: Logo de comprobar no taller anterior que as familias poden ter un gran peso e influencia na aparición dun caso de *bullying,* traballarase nesta dinámica a identificación do propio modelo familiar e a súa análise. Para isto, o equipo de orientación preparará unha pequena presentación sobre os estilos de familia e as características de cada un deles. Unha vez feita, farase unha xuntanza coas familias para poñer en común esta información e que cada unha delas poida reflexionar e tratar de identificarse con algún dos modelos expostos. A continuación, entregarase unha folla onde os e as asistentes poderán completar un pequeno DAFO da súa familia, identificando as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (Anexo A, Figura 11). Isto servirá como forma de autoavaliar a propia dinámica do fogar, tendo a ocasión de detectar aqueles aspectos que poden chegar a influír no aparecemento do acoso escolar. Ao mesmo tempo, aquelas persoas que o desexen poderán compartir co resto dos e das asistentes os elementos que lles preocupan para poder buscar alternativas e solucións en conxunto. Con todo, de non querer facer públicos estes datos, darase a oportunidade de comentalo coas mestras e mestres presentes para buscar diversas propostas. Por último, proxectaranse os vídeos *Cuál es el papel de los padres frente al acoso escolar*[1] e *Los niños ven, los niños hacen- Educa en el ejemplo*[2] para recapitular a información abordada na reunión e poñer énfase na importancia que teñen as familias no proceso de socialización das crianzas. Logo de observalos, poranse en común as impresións ante eles e deixarase ver unha vez máis o fundamental que é a actitude das persoas próximas aos nenos e nenas na prevención do *bullying*.

NAS NOSAS MANS	
Obxectivo xeral: 1A	**Obxectivo específico:** 1A-2
Temporalización: todo o curso escolar.	
Materiais: páxina *web*.	
Descrición: Ademais das xuntanzas e talleres puntuais que se poidan levar a cabo na escola, as familias necesitan ter á súa disposición información veraz e útil á que	

[1] GuíaInfantil (14 de marzo de 2012). *Cuál es el papel de los padres frente al acoso escolar* [Arquivo de vídeo]. Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=w-KjrY79NdA

[2] Aulaplaneta (26 de novembro de 2014). *Los niños ven, los niños hacen- Educa en el ejemplo* [Arquivo de vídeo]. Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=LmGoXj5pmbY

recorrer nos momentos en que precisen. Desta forma, dado que as tecnoloxías supoñen unha parte importante nos nosos días, incluirase na páxina *web* do centro un enlace a un espazo creado polo colexio e dedicado á prevención do acoso escolar (Anexo A, Figura 12), similar ao deseñado e dispoñible na ligazón https://unidoscontraoacoso.wixsite.com/my-site. Este posibilitará ter a información organizada e accesible, e non estará destinado soamente ás familias, senón que servirá para todo aquel membro da comunidade educativa que precise informarse deste tema. Alén disto, fomentarase e aceptarase a participación e colaboración de quen desexe, aportando noticias, artigos, información, relatos de episodios vividos, documentos de vídeo, etc. Non obstante, todo isto será valorado polo centro para asegurar que se acheguen elementos formativos e informativos de calidade.

EN MARCHA!	
Obxectivo xeral: 1B	**Obxectivo específico:** 1B-2
Temporalización: todo o curso escolar.	
Materiais: folletos informativos e documentación para o punto de información.	
Descrición: Logo da formación en diversos aspectos do acoso escolar, é preciso contar con algunhas claves básicas que se poidan poñer en funcionamento no fogar. Así, crearase dende o centro un punto de información en formato físico para os momentos nos que as familias acoden a este lugar. Este espazo deberá ser de tránsito común para os proxenitores, como a sala de espera ou a entrada á escola, tendo fácil acceso aos seus contidos. Nel situaranse diferentes documentos que ofrezan información útil sobre o *bullying,* tendo a posibilidade de incluír de forma impresa algúns dos dispoñibles na *web* Unidos contra o acoso escolar para aquelas familias que teñan un acceso máis complexo ás tecnoloxías. No entanto, algo que estará presente serán folletos que conteñan consellos prácticos para a prevención do acoso escolar e posibles síntomas ou signos de alarma (Anexo A, Figuras 13 e 14). Deles haberá suficientes copias como para que calquera persoa da comunidade educativa poida levalos, tendo así unha fonte de información sinxela, útil e fiable con elementos que será posible aplicar e ter en conta na vida diaria. Amais, este recurso contará cun código QR que levará directamente á *web* creada, posibilitando así a ampliación da información.	

3.3.2. Profesorado

Os mestres e mestras son unha peza imprescindible na loita contra o acoso escolar, pois pasan unha gran parte do día a día coas crianzas e poden levar a

cabo actuacións moi produtivas na prevención destas condutas. Polo tanto, resulta fundamental que conten cunha formación de calidade no tema, aínda que tamén é preciso que adquiran ferramentas para poñer en práctica co alumnado.

En consecuencia, descríbense a continuación unha serie de posibles propostas que teñen como destinatario o corpo docente, centradas en informar, formar e dotar de recursos. Así mesmo, o feito de incluír formacións de diverso tipo cumpre coa normativa desta área, neste caso coa *Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.*

(IN)FÓRMATE	
Obxectivo xeral: 2A	**Obxectivo específico:** 2A-1
Temporalización: unha sesión no primeiro trimestre.	
Materiais: papeis e bolígrafos.	
Descrición: Como en calquera ámbito, o primeiro paso para poder poñerlle fin a unha problemática é coñecela en profundidade e eliminar as posibles falsas crenzas. Neste caso, para que o equipo docente poida loitar contra o acoso escolar e poñer en marcha iniciativas preventivas precisa contar cunha formación no tema. Farase entón un curso a cargo de profesionais no *bullying* (psicólogo/a, investigador/a, etc.) no que se comezará por abordar aspectos como a diferenza entre un conflito transitorio e o acoso escolar, algo fundamental para a primeira detección do mesmo. Tamén se incidirá na importancia da observación na aula e posibles elementos nos que centrar a atención neste espazo, así como as características, implicados, factores de risco e demais trazos caracterizadores desta situación. Por outra banda, será primordial compartir, debater e discutir as falsas crenzas que cadaquén posúe sobre este tema. Así, trataranse aspectos como a idea de que o acoso non sucede nesa escola ou que as crianzas deben solucionar os problemas soas, pois débese instar a que aprendan a chegar a acordos pero cunha supervisión dos conflitos por se se da un desequilibrio de poderes ou o problema vai máis alá. Con isto os mestres e mestras terán a oportunidade de amosar as súas ideas previas e poder traballalas en común, podendo realizar esta tarefa mediante a escritura das crenzas en papeis e a posterior lectura e discusión de cada unha delas. A formación remataría cunha serie de casos prácticos aos que o profesorado se enfrontaría logo de recibir a información do experto ou experta. Esta persoa traería preparadas algunhas situacións que poden darse na escola para que o equipo	

docente, en pequenos grupos, pensase en posibles actuacións a levar a cabo ante ese caso para poñelas en común e aportar máis ideas entre o conxunto do claustro.

EN EQUIPO	
Obxectivo xeral: 2B	**Obxectivo específico:** 2B-1
Temporalización: primeiro trimestre e prolongación durante todo o curso.	
Materiais: ordenadores e outros materiais para o deseño e posta en práctica de iniciativas preventivas do *bullying.*	
Descrición: Logo de recibir unha completa formación e sensibilizarse ante o tema, o corpo docente debe ter claro que o acoso escolar supón un grave problema que non pode pasarse por alto. É por isto que é preciso tomar medidas que preveñan e freen a aparición dun caso deste tipo, para o que se necesita un grupo de mestres e mestras dedicados a deseñar e propor dinámicas que vaian por este camiño. En consecuencia, crearase a nivel de centro un equipo de prevención do acoso escolar que se encargará de traballar en iniciativas que promovan a concienciación e prevención do *bullying.* Este conxunto de docentes reunirase trimestralmente e acordará diversas actividades para realizar coas crianzas como a creación de murais, xogos de mesa, dinámicas para incluír no Día Internacional contra o Acoso Escolar, xogos no patio, etc. Tentarase con todo isto fomentar un bo clima e relacións na escola e trasladarlle ao alumnado a necesidade de colaborar, convivir e loitar por solucionar os problemas de forma pacífica. A pesar disto, o equipo de prevención do acoso escolar terá como tarefa fundamental a realización dun conxunto de directrices para a prevención do *bullying.* Crearase así un recurso que será empregado por todo o centro e conterá información básica sobre esta realidade, así como elementos a ter en conta por parte dos profesores e profesoras como factores de risco ou indicadores sobre os que reparar.	

TOLERANCIA CERO	
Obxectivo xeral: 2B	**Obxectivo específico:** 2B-2
Temporalización: inicio no segundo trimestre e continuación ata final de curso.	
Materiais: diferentes recursos literarios como contos, cómics, poemas, etc.	
Descrición: Os contos e as historias resultan ser unha peza fundamental do mundo infantil, permitíndolles aos nenos e nenas imaxinar outros universos e poñerse na pel de personaxes ficticias. É por isto que poden empregarse tamén para abordar e traballar	

coa infancia determinados temas que lles resultarían complexos no caso de tratalos directamente.

Nesta situación, para contar cun banco de recursos que axuden a previr o acoso escolar e introducir a resolución de conflitos na aula, crearase dende a biblioteca un lugar específico para literatura deste tipo chamado "Tolerancia cero". Desta forma, o claustro do centro implicarase en seleccionar contos, cómics, poemas e outros tipos de creacións baseadas na solución de discrepancias, no respecto e noutras temáticas relacionadas co *bullying*, tendo así un espazo ao que acudir no caso de precisar recursos para tratar este tema. Amais, se non se tivesen suficientes elementos, podería solicitarse a súa compra a nivel de centro, dispoñendo de obras como as que poden observarse na Figura 15 do Anexo A.

Na mesma orde de ideas, cada semana, os mestres e mestras deberán coller como mínimo unha lectura deste lugar e compartila co alumnado, facendo posteriormente unha asemblea para falar do lido. Nela recapitularase e porase en común o que ocorre na historia, os problemas que observan, as solucións que se dan a eles, etc. Con isto tentarase establecer unha relación entre o narrado e algunha situación da vida real, fomentando que as crianzas reflexionen e conten como debería actuarse nese caso.

COMUNICARTE	
Obxectivo xeral: 2B	**Obxectivo específico:** 2B-3
Temporalización: unha sesión no terceiro trimestre.	
Materiais: listas de suxestións para a comunicación (expresión e escoita).	

Descrición:

A linguaxe, a pesar de que en moitos casos pode pasar inadvertida para un mesmo, supón un eixo fundamental á hora de relacionarnos cos demais. Esta importancia aumenta ao tratar con crianzas, pois os nenos e nenas teñen unha perspicacia asombrosa e son capaces de reparar en detalles ínfimos. Do mesmo xeito, escoitar é unha capacidade primordial para tratar co alumnado, xa que dependerá dela o feito de que nos confíen as súas problemáticas e dificultades. Por conseguinte, expresarse correctamente e saber escoitar son dúas calidades que conforman case unha arte, e que é preciso aprender a empregar adecuadamente e facer un bo uso para chegar a ser bos profesores ou profesoras.

Dada a relevancia deste proceso de comunicación na prevención do *bullying,* o equipo docente contará cunha formación neste eido a cargo dun experto ou experta en expresión e escoita. Nela, os mestres e mestras traballarán en estratexias para

reparar nas mensaxes que emiten e en aspectos importantes ao escoitar, poñendo así o foco de atención na propia actitude para previr situacións de acoso escolar. No caso das mensaxes emitidas, proporcionarase unha lista con suxestións (Anexo A, Figura 16) que os e as participantes lerán e reflexionarán en conxunto, poñendo en común as que xa levan a cabo, a funcionalidade que lles ven ou como lles resultan. Coa escoita farase algo semellante, con listaxes do que se debe e non se debe facer (Anexo A, Figura 17), meditando e tentando aplicalo no futuro na aula.

3.3.3. Alumnado

No proceso de prevención do acoso escolar o alumnado xoga un papel fundamental, xa que a maioría das iniciativas irán dirixidas a diminuír condutas negativas neles e nelas. Neste caso, aínda que nos centremos en Educación Infantil, resulta indispensable comezar a loitar contra a aparición desta problemática con dinámicas que fomenten as boas relacións interpersoais, a asunción de normas ou a empatía e a comprensión das emocións.

De acordo con isto, preséntanse a continuación un conxunto de propostas que camiñan cara a prevención do *bullying* nesta etapa. Estas enfocaranse na vida dentro da aula e versarán sobre a comprensión de regras, a xestión da ira e dos problemas, e a educación emocional.

EU COMPROMÉTOME!	
Obxectivo xeral: 3A	**Obxectivo específico:** 3A-1
Temporalización: primeiras semanas de curso.	
Materiais: imaxes de diferentes accións, panel para clasificalas, elementos para elaborar carteis (pinturas, papeis, cartolinas, etc.) e contrato de compromiso.	
Descrición: A aula é o lugar onde as crianzas pasan a maior parte do seu día, creándose nela unha gran diversidade de interaccións e relacións. Para que a dinámica deste espazo funcione correctamente, faise necesario o acordo dunha serie de normas de comportamento que guíen ao alumnado e indiquen o que é correcto e incorrecto na súa conduta. Polo tanto, ao inicio do curso crearanse a nivel de aula diferentes regras cun proceso de elaboración que incluirá un protagonismo activo dos pícaros, como forma de que as asuman como propias e se comprometan en maior medida co seu cumprimento. Para isto, debido a que nos atopamos na etapa de Infantil, comezarase cunha dinámica para familiarizar aos nenos e nenas con condutas positivas e negativas.	

Conformaranse pequenos grupos, de 5 crianzas aproximadamente, e cada un deles contará cun conxunto de imaxes ou pictogramas (Anexo A, Figuras 18 e 19) que representen accións boas e malas (pegar, xogar xuntos, empurrar, abrazar, axudar, ignorar, compartir, insultar, etc.). Tamén disporán dunha cartolina A3 dividida á metade, na que unha parte se corresponderá co bo e outra co malo. Nesta situación, os e as participantes deberán pegar as imaxes no lado da cartolina correspondente, explicándolles posteriormente ao resto de compañeiros e compañeiras os motivos da súa distribución (Anexo A, Figura 20).

A partir desta actividade, elaboraranse un conxunto de normas para a clase, podendo ser estas de diversos tipos (morais, de respecto, de bo trato...) e nas que se concreten tanto os dereitos como os deberes dos alumnos e alumnas. Logo de poñelas en común, deixarase constancia das mesmas a través da elaboración de carteis para colocar pola aula e firmarase un contrato de compromiso (Anexo A, Figura 21) por parte de todos os cativos e cativas, incluíndo á mestra ou mestre.

Estas regras pactadas aplicaranse a cada grupo individualmente, respondendo así ás necesidades concretas e podendo modificalas ao longo do curso. Do mesmo xeito, as consecuencias negativas polo incumprimento serán decididas de antemán, sendo necesario neste proceso formular as normas en positivo, incidindo nos comportamentos desexables e non naquilo que está prohibido.

Algunhas normas a incluír poderían ser do tipo das seguintes:

- Tratamos con agarimo aos demais.
- Escoitamos e respectamos as quendas de palabra.
- Compartimos os xoguetes.
- Recoñecemos se facemos algo mal e pedimos desculpas.

O CURRUNCHO DA PAZ	
Obxectivo xeral: 3A	**Obxectivo específico:** 3A-2
Temporalización: todo o curso escolar.	
Materiais: materiais para acondicionar o recanto, urna e consellos para relaxarse.	
Descrición: Os conflitos e discusións na aula soen ser frecuentes debido a diversas desconformidades entre as crianzas. No entanto, en moitas ocasións é complexo arranxalas e chegar a acordos, polo que é preciso trasladarlles aos nenos e nenas a importancia do diálogo para a solución das mesmas. Isto permitirá que o alumnado interiorice a necesidade de resolver os pequenos problemas para que estes non deriven en enfados maiores ou noutras dificultades, como a que se aborda no presente documento.	

Para traballar isto, crearase na clase un recanto da paz nos primeiros meses do curso chamado "O currúncho da paz". Este consistirá nunha zona da aula que se acondicionará para que resulte cómoda, con coxíns ou *pufs* e decoración relaxante, e mesmo con cortinas para dotalo de privacidade. Este espazo empregarase para solucionar os conflitos, falar sobre algún problema ou relaxarse no caso de que un neno ou nena se sinta frustrado, enfadado ou desgustado, sen que este sentimento se converta nalgún tipo de agresión. Deste modo, cando se presente algunha destas situacións, os pícaros poderán acudir ao currúncho e tentar darlle solución mediante o diálogo cos compañeiros e compañeiras ou coa propia mestra, de ser necesario.

O currúncho da paz tamén contará cunha urna que conterá pequenos trucos para xestionar a ira e/ou tranquilizarse (Anexo A, Figura 22). Deste xeito, cada persoa que acuda a este lugar o primeiro que terá que facer será sacar unha tarxeta do recipiente e poñer en práctica o que indica. Con isto conseguirase que o alumnado se relaxe no caso de estar enfadado, intranquilo ou antes de iniciar unha conversa por calquera conflito. Así, unha vez máis sosegados, poderán dar paso a solucionar o problema ou a volver cos compañeiros e compañeiras ao atoparse mellor.

Esta iniciativa será introducida de forma paulatina, ensinándolles aos cativos e cativas a maneira de empregar o espazo e o respecto que se debe amosar cara el. Tamén se establecerán normas para o seu uso co fin de que se converta nun lugar funcional e cuns obxectivos claros. Neste senso, algunhas das normas poderían ir na liña de empregar palabras suaves e respectuosas, escoitar sen interromper, coidar a zona e o mobiliario, ou pedirlle axuda á mestra ou mestre de non ser capaces de solucionar o problema.

SOMOS	
Obxectivo xeral: 3B	**Obxectivo específico:** 3B-1
Temporalización: segundo trimestre.	
Materiais: cartolinas, pinturas, pegamento, ordenador e impresora.	
Descrición: O acoso escolar implica, en moitas ocasións, a consideración doutra persoa como menos válida ou inferior. Neste senso, é preciso incidir e traballar a autoestima e a focalización nas cousas positivas dos compañeiros e compañeiras, pois será a maneira na que as crianzas vexan dun xeito diferente a aqueles ou aquelas cos que teñen menos relación ou mesmo amosan unha interacción negativa. Para isto, a asemblea resulta un momento idóneo, xa que é un intre para compartir, debater e chegar a acordos, así como valorar a diversidade e abordar a educación emocional.	

Nesta proposta utilizarase este instante para introducir as emocións e o fomento da empatía. O día comezará coa elección dun ou dunha responsable, papel que irá rotando cada xornada, de modo que poidan pasar todos e todas por el ata volver comezar. Este neno ou nena terá feito de antemán un debuxo del ou dela mesma en cartolina para poder facer uso del o día que sexa responsable. Neste intre, os demais deberán pensar aspectos positivos que caractericen ao compañeiro ou compañeira responsable e dicilos. A mestra ou mestre será a encargada de buscar na rede estes elementos en formato imaxe nun banco de imaxes ou en forma de pictogramas coa axuda do alumnado, elixindo en común cal representa mellor a calidade á que se refiren.

Estas imaxes serán impresas e, na xornada seguinte ou noutro momento do mesmo día, pegaranse arredor do debuxo. Igualmente, durante esta actividade dialogarase e farase fincapé en aspectos como o respecto ou o feito de que todos e todas teñen características boas, só é necesario tratar con esa persoa e reflexionar sobre o que nos gusta dela.

Todos os debuxos coas calidades positivas que irán saíndo exporanse na aula, situándoos nun lugar visible denominado “Somos” ao que as crianzas poidan acudir e observar. Esta será unha forma de que todos e todas vexan que son importantes e teñen cousas boas, valorándose e tendo en conta a valía dos demais. Na mesma orde de ideas, o feito de incluír imaxes para ilustrar as calidades será a maneira de que cada neno e nena poida reparar nas súas ou nas dos outros de xeito autónomo, reflexionando e poñendo en valor o que os caracteriza.

SENTINDO	
Obxectivo xeral: 3B	**Obxectivo específico:** 3B-2
Temporalización: terceiro trimestre.	
Materiais: tarxetas con accións negativas, panel cunha cara en branco, cartel de emocións e vídeos.	
Descrición: As emocións, tal e como se expón no presente documento, son un elemento fundamental para previr o acoso escolar. De acordo con isto, será imprescindible traballalas día a día na clase e axudarlles ás crianzas a comprendelas e canalizalas, así como respectar as dos demais e tentar identificalas e desenvolver a empatía. Igualmente, pensar no que podería sentir outra persoa no caso de facerlle algo negativo será indispensable como forma de sensibilización ante estes actos negativos.	

Para tratar e incidir neste tema, levarase a cabo unha dinámica centrada na comprensión das emocións e na empatía. Dous días á semana aproximadamente, no momento da asemblea ou noutro que se decida, o neno ou nena responsable deberá coller unha tarxeta dunha caixa elaborada de antemán polo profesor ou profesora. Nestas tarxetas dispoñibles haberá imaxes coa súa correspondente descrición que representarán unha acción negativa (Anexo A, Figura 23), polo que o alumno ou alumna responsable deberá describir o que observa, tendo a axuda da mestra ou mestre para detallar a escena, e pegando a tarxeta con velcro nun espazo preparado para este fin. Neste haberá tamén unha cara en branco plastificada que se empregará con posterioridade (Anexo A, Figura 24).

A continuación, porase en común o que cada un pensa do comentado, facendo fincapé na identificación da conduta incorrecta e falando sobre as posibles emocións que se presentarían. Logo disto, buscarase nun cartel dispoñible na aula coas emocións principais (Anexo A, Figura 25) cal é a que está experimentando a persoa afectada na escena, debuxándoa con rotulador borrable na cara en branco do panel. Para finalizar, falarase de posibles solucións a esa situación que, unha vez ocorrida, debe pensarse en como actuar ante ela. Tamén se razoará sobre que outros actos poderían realizarse no canto de chegar a un estado desagradable como o tratado.

Por outra banda, ademais de utilizar tarxetas e describir as accións, haberá días nos que poida optarse por introducir estes elementos con vídeos e seguir o mesmo proceso. Estes conterían situacións sobre as que reflexionar que estarían relacionadas co tema a tratar. Algúns dos que se poderían empregar son:

- Comunidad de Madrid (30 de xaneiro de 2020). *Corto sobre Bullying y acoso en las aulas: "No juegues conmigo"* [Arquivo de vídeo]. Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=tIn4m5Tb8KA
- Erste Group (2 de decembro de 2018). *Erste Christmas Ad 2018: What would Christmas be without love?* [Arquivo de vídeo]. *Youtube.* https://www.youtube.com/watch?v=Icx7hBWeULM
- Eurekabrain (2 de febreiro de 2013). *"Ratón en venta" – Cortometraje animado* [Arquivo de vídeo]. Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=XxvLDL8Smck
- Stuard Patiño (13 de xaneiro de 2021). *Lou- Pixar short* [Arquivo de vídeo]. Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=zIL0vSNx8Xg

3.4. Avaliación

A avaliación é unha parte indispensable de toda posta en práctica dun programa, pois permite ter constancia da efectividade do mesmo, así como dos seus puntos débiles e aspectos a mellorar. Por isto, nesta proposta tamén é necesario contar con ferramentas de avaliación que indiquen o grao de consecución dos obxectivos marcados, precisando neste proceso dunha avaliación continua, integrada e cunha finalidade formativa. Deste modo, o feito de avaliar permitirá adaptar as dinámicas ás necesidades e dificultades que vaian xurdindo.

Como pode observarse, as actividades propostas son moi diversas e implican a tres sectores da comunidade educativa (familias, profesorado e alumnado). Por este motivo, levarase a cabo unha avaliación diferente en cada caso, contando en todo momento coa opinión dos implicados e implicadas.

A nivel global de todo o deseño, farase uso dunha rúbrica que axude a valorar o éxito do programa (Anexo B, Táboa 4). Esta conterá diversos elementos relacionados cos obxectivos da proposta, debendo marcar cada un deles segundo o seu grao de consecución con 1 (Pouco), 2 (Aceptable) ou 3 (Moito).

Pola súa parte, para avaliar a conformidade, opinión e implicación dos e das participantes, crearase unha enquisa de satisfacción para familias e profesorado (Anexo B, Táboa 5). Nela, ademais de cubrir os aspectos incluídos, poderán manifestar outras opinións en canto ás iniciativas e aos elementos a mellorar. No caso das crianzas empregarase a observación directa por parte dos e das docentes, utilizando tamén unha rúbrica para estimar en que medida se acadou o planificado (Anexo B, Táboa 6). Neste caso, a rúbrica conterá as posibles valoracións I (Iniciado), P (en Proceso) e C (Conseguido).

CONCLUSIÓNS

Ao longo deste documento realízase unha revisión sistemática do acoso escolar, rematando coa creación dunha proposta de prevención dirixida á etapa de Educación Infantil. Por conseguinte, abórdanse aspectos como que o *bullying* é unha realidade de moitas das nosas aulas, sen estar ningún centro absolto de poder presentalo. Nestas situacións, as relacións entre as crianzas vense negativamente afectadas, aínda que debe existir unha repetición e duración no tempo e un desequilibrio de forzas para catalogar as condutas violentas como acoso escolar. Do mesmo xeito, veranse implicados, como mínimo, un agresor

e unha vítima, podendo presenciar os actos tamén as testemuñas. En todas estas persoas diferenciaranse perfís variados, do mesmo modo que no propio *bullying*, onde poden atoparse diversas tipoloxías.

Este fenómeno leva consigo determinadas causas e factores de risco que poden aumentar as posibilidades da súa aparición, estando estas compostas por aspectos intrínsecos á persoa e por aqueles que dependen do seu contexto. Amais, estamos ante unha realidade que foi estudada en varias investigacións nacionais e a nivel galego, creándose tamén normativas para a súa prevención e intervención a ambos niveis.

Na loita contra esta dificultade é imprescindible ter en conta as teorías do desenvolvemento psicosocial dos cativos e cativas, xa que proporcionan unha orientación sobre os fitos que irán conseguindo os nenos e nenas e axudarán á hora de deseñar dinámicas adaptadas. Neste caso, a pesar de existir diferentes opcións, óptase pola prevención centrada en diversos axentes da comunidade educativa. Deséñanse así propostas para dotar de información e ferramentas para tratar este tema ao profesorado e ás familias. No relativo ao alumnado, as actividades oriéntanse á convivencia, resolución de conflitos e desenvolvemento da intelixencia emocional e empatía.

En todo este proceso de realización do TFG atopáronse limitacións, pois ter que adaptarse a un espazo e tempo concretos xa supón un obstáculo en si mesmo. Ademais disto, o feito de non levar a cabo a proposta na realidade supón unha perda de oportunidades para mellorala e comprobar a súa validez, aínda que podería retomarse a mesma en futuros proxectos como un Máster ou unha Tese Doutoral. Igualmente, sería enriquecedor poder implicar a máis axentes da comunidade educativa, pero dadas as características do traballo é moi complexo contar con obxectivos de tanta envergadura.

Alén do anterior, coa lectura do presente documento debe extraerse unha idea principal: a importancia da escola para a prevención do acoso escolar. Nesta orde de ideas, a institución educativa deberá impulsar programas preventivos para loitar contra a aparición desta problemática. Tamén será a encargada de fomentar relacións amables e correctas, sendo esta a base para o desenvolvemento de futuros cidadáns preparados para unha convivencia sa.

REFERENCIAS

Alsaker, F. D. e Vilén, U. L. (2010). Bullying en la escuela infantil. En R. Ortega (Ed.), *Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar* (pp. 129-163). Alianza.

Armero Pedreira, P., Bernardino Cuesta, B. e Bonet de Luna, C. (2011). Acoso escolar. *Revista Pediatría Atención Primaria, 13*(52), 661-670. https://doi.org/10.4321/s1139-76322011000600016

Avilés Martínez, J. M. (2006). *Bullying: el maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela.* Amarú Ediciones.

Barri Vitero, F. (2013). *Acoso escolar o Bullying. Guía imprescindible de prevención e intervención.* Altaria.

Bautista Alonso, B. (2020). Afrontrando el acoso escolar desde Educación Infantil. *MAD.RID. Revista de Innovación Didáctica de Madrid,* (64). https://www.csif.es/contenido/comunidad-de-madrid/ensenanza/205631

Bisquerra, R. e Pérez-Escoda, N. (2016). Educación emocional para la prevención. En R. Bisquerra (Coord.), *Prevención del acoso escolar con educación emocional* (pp. 97-115). Desclée.

Blanchard Giménez, M. e Muzás Rubio, E. (2007). *Acoso escolar: desarrollo, prevención y herramientas de trabajo.* Narcea ediciones.

Blaya, C. (2006). Factores de riesgo escolares. En A. Serrano (Ed.), *Acoso y violencia en la escuela: cómo detectar, prevenir y resolver el bullying* (pp. 165-180). Ariel.

Calmaestra, J., Escorial, A., García, P., Moral, C., Perazzo, C. e Ubrich, T. (2016). *Yo a eso no juego: bullying y ciberbullying en la infancia.* Save the Children. https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/yo_a_eso_no_juego.pdf

Cano Echeverri, M. M. e Vargas González, J. E. (2018). Actores de acoso escolar. *Revista Médica de Risaralda, 24*(1), 60-66. https://doi.org/10.22517/25395203.14221

Carozzo, J., Benites, L., Zapata, L. e Horna, V. (2012). *El bullying no es un juego. Guía para todos.* Observatorio sobre violencia y convivencia en la escuela.

Carretero Bermejo, R. (2011). Sexo, sexismo y acoso escolar entre iguales. *Revista complutense de educación, 22*(1), 27-43. https://doi.org/10.5209/rev_rced.2011.v22.n1.2

Castro-Morales, J. (2011). Acoso escolar. *Revista de Neuro-Psiquiatría, 74*(2), 242-249. https://doi.org/10.20453/rnp.v74i2.1681

Castro Santander, A. (2007). *Violencia silenciosa en la escuela: dinámica del acoso escolar y laboral.* Bonum.

Cerezo, F. (2009). Bullying: análisis de la situación en las aulas españolas. *International Journal of Psychology and Psychological Therapy, 9*(3), 383-394.

Collell, J. e Escudé, C. (2016a). Una aproximación al fenómeno del acoso escolar. En R. Bisquerra (coord.), *Prevención del acoso escolar con educación emocional* (pp. 15-42). Desclée.

Collell, J. e Escudé, C. (2016b). Cómo prevenir las conductas de acoso. En R. Bisquerra (coord.), *Prevención del acoso escolar con educación emocional* (pp. 43-52). Desclée.

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (2015). *Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.* Xunta de Galicia. https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf

Constitución Española (1978). *Boletín Oficial del Estado, núm. 311,* de 29 de decembro de 1978, pp. 29313-29424.

Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (2007). *Diario Oficial de Galicia, núm. 88,* de 8 de maio de 2007, pp. 7268-7271.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (2015). *Diario Oficial de Galicia, núm. 17,* de 27 de xaneiro de 2015, pp. 3885-3935.

Defensor del Pueblo (2000). *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria.* Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo. https://www.defensordelpueblo.es/wp-

content/uploads/2015/05/2000-01-Violencia-escolar-el-maltrato-entre-iguales-en-la-educaci%C3%B3n-secundaria-obligatoria.pdf

Defensor del Pueblo (2007). *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria 1999-2006.* Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo. https://www.defensordelpueblo.es/wp-content/uploads/2015/05/2007-01-Violencia-escolar-el-maltrato-entre-iguales-en-la-Educaci%C3%B3n-Secundaria-Obligatoria-1999-2006.pdf

Díaz-Aguado, M. J. (2004). *Prevención de la violencia y lucha contra la exclusión desde la adolescencia: la violencia entre iguales en la escuela y en el ocio. Programa de intervención y estudio experimental.* Injuve.

Díaz-Aguado, M. J. (2016). *El acoso escolar y la prevención de la violencia desde la familia: Una guía para ayudar a la familia y a la escuela a detectar, prevenir y tratar los problemas relacionados con el acoso escolar y otras formas de violencia*. Dirección General de la Familia y el Menor. http://www.madrid.org/bvirtual/BVCM007081.pdf

Europa Press (2020). *Acoso escolar, datos, cifras y estadísticas*. EpData. https://www.epdata.es/datos/acoso-escolar-datos-cifras-estadisticas/257/espana/106

Farrington, D. e Baldry, A. (2006). Factores de riesgo individuales. En A. Serrano (Ed.), *Acoso y violencia en la escuela: cómo detectar, prevenir y resolver el bullying* (pp. 107-125). Ariel.

Fundación ANAR e Fundación Mutua Madrileña (2021). *La opinión de los estudiantes: III Informe de Prevención del Acoso Escolar en Centros Educativos en Tiempos de Pandemia 2020 y 2021.* Fundación ANAR e Fundación Mutua Madrileña.

Gairín Sallán, J., Armengol Asparó, C. e Silva García, B. P. (2013). El <Bullying> escolar. Consideraciones organizativas y estrategias para la intervención. *Educación XX1, 16*(1), 19-38. https://doi.org/10.5944/educxx1.16.1.715

Garaigordobil, M., e Oñederra, J. A. (2010). *La violencia entre iguales: revisión teórica y estrategias de intervención.* Pirámide.

Gómez Tagle, E. (2016). Bullying, acoso escolar en la niñez. *Trabajo social UNAM,* (11-13), 49-66. http://www.revistas.unam.mx/index.php/ents/article/view/64168

Hernández Prados, M. A. e Solano Fernández, I. M. (2007). Ciberbullying, un problema de acoso escolar. *RIED: revista iberoamericana de educación a distancia, 10*(1), 17-36. https://doi.org/10.5944/ried.1.10.1011

Ley 27/2005, de 30 de noviembre, de fomento de la educación y la cultura de la paz (2005). *Boletín Oficial del Estado, núm. 287*, de 1 de decembro de 2005, pp. 39418-39419.

Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (2011). *Diario Oficial de Galicia, núm. 136*, de 15 de xullo de 2011, pp. 19676-19707.

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (2020). *Boletín Oficial del Estado, núm. 340,* de 30 de decembro de 2020, pp. 122868-122953.

López, F. e Ortiz, M. J. (2014). El desarrollo del apego durante la infancia. En F. López (Ed.), *Desarrollo afectivo y social* (pp. 41-66). Pirámide.

López Hernáez, L. e Sabater Fernández, C. (2018). *Acoso escolar: definición, características, causas-consecuencias, familia como agente clave y prevención-intervención ecológica.* Pirámide.

Mariscal, S. e Giménez-Dasí, M. (2017). *Desarrollo temprano: cognición, afectos y relaciones sociales (0-6 años).* Paraninfo.

Martín Herrero, M. e Alonso Delgado, S. H. (2011). *El desarrollo socioafectivo.* Ministerio de Educación.

Medina Rivilla, A. e Cacheiro González, M. L. (2014). La prevención de la violencia: la implicación de la comunidad educativa para evitar situaciones de acoso escolar. *Bordón: Revista de Pedagogía, 62*(1), 93-107. https://recyt.fecyt.es/index.php/BORDON/article/view/29109/15526

Menéndez Benavente, I. (2011). El acoso escolar visto desde la atención al menor. En E. Roldán (Ed.), *Terror en las aulas: cómo abordar el acoso escolar o bullying* (pp. 297-311). Altaria.

Ministerio de Educación e Formación Profesional (2019). *PISA 2018: programa para la Evaluación Internacional de los Estudiantes. Informe español.* Secretaría General Técnica.

Monjas, M. A. e Avilés, J. M. (2006). *Programa de sensibilización contra el maltrato entre iguales*. Junta de Castilla y León.

Mora-Merchán, J. A., e Ortega Ruiz, R. (1998). Violencia escolar: el problema del maltrato entre iguales. *Cuadernos de pedagogía,* (270)*,* 46-50.

Moreno, C., Ramos, P., Rivera, F., Sánchez-Queija, I., Jiménez-Iglesias, A., García-Moya, I., Moreno-Maldonado, C., Paniagua, C., Villafuerte-Díaz, A., Ciria-Barreiro, E., Morgan, A. e Leal-López, E. (2020). *La adolescencia en España: salud, bienestar, familia, vida académica y social. Resultados del Estudio HBSC 2018.* Ministerio de Sanidad. https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/promocion/saludJovenes/estudioHBSC/docs/HBSC2018/HBSC2018_ResultadosEstudio.pdf

Muñoz Prieto, M. M. (2017). Desarrollar la inteligencia emocional para prevenir el acoso escolar. *EA, Escuela Abierta,* (20), 35-46. https://doi.org/10.29257/EA20.2017.04

Olweus, D. (1993). *Bullying at school. What we know and what we can do.* Blackwell.

Oñate, A. e Piñuel, I. (2007). *Acoso y violencia escolar en España: Informe Cisneros X.* Instituto de Innovación Educativa y Desarrollo Directivo.

Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (2013). *Diario Oficial de Galicia, núm. 96,* de 22 de maio de 2013, pp. 17697-17732.

Orjuela López, L., Cabrera de los Santos, B., Calmaestra Villén, J., Mora-Merchán, J. A. e Ortega-Ruiz, R. (2014). *Informe acoso escolar y ciberacoso: propuesta para la acción.* Save the children. https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/acoso_escolar_y_ciberacoso_informe_vok_-_05.14.pdf

Ortega, R. (2010). Treinta años de investigación y prevención del *bullying* y la violencia escolar. En R. Ortega (Ed.), *Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar* (pp. 15-30). Alianza.

Ortega, R. e Del Rey, R. (2008). *La violencia escolar: estrategias de prevención.* Graó.

Ortega, R., Del Rey, R. e Córdoba, F. (2010). Construír la convivencia para prevenir la violencia: un modelo ecológico. En R. Ortega (Ed.),

Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar (pp. 299-320). Alianza.

Ortega Ruiz, R. e Fernández Alcaide, V. (1998). Un proyecto educativo para mejorar la convivencia y prevenir la violencia. En R. Ortega (Ed.), *La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla* (pp. 79-94). Junta de Andalucía.

Palau Valls, E. (2005). *Aspectos básicos del desarrollo infantil: la etapa de 0 a 6 años.* Ediciones Ceac.

Quintana, A., Montgomery, W., Malaver, C. e Ruiz, G. (2011). Capacidad de disfrute y percepción del apoyo comunitario en adolescentes espectadores de episodios de violencia entre pares (Bullying). *Revista de Investigación en Psicología, 13*(1), 139-162. https://doi.org/10.15381/rinvp.v13i1.3742

Real Academia Galega (2022). *Previr.* https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/previr

Real Decreto 732/1995, de 5 de mayo, por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros (1995). *Boletín Oficial del Estado, núm. 131,* de 2 de xuño de 1995, pp. 16185-16192.

Real Decreto 3/2018, de 12 de enero, por el que se modifica el Real Decreto 275/2007, de 23 de febrero, por el que se crea el Observatorio Estatal de la Convivencia Escolar (2018). *Boletín Oficial del Estado, núm. 12,* de 13 de xaneiro de 2018, pp. 4619-4624.

Rodicio-García, M. L. e Iglesias-Cortizas, M. J. (2011). *El acoso escolar: diagnóstico y prevención.* Biblioteca Nueva.

Rodríguez, N. (2006). *Stop bullying: las mejores estrategias para prevenir y frenar el acoso escolar.* RBA.

Roland, E. (2010). Orígenes y primeros estudios del *bullying* escolar. En R. Ortega (Ed.), *Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar* (pp. 33-53). Alianza.

Romera Félix, E. M. (2017). Bullying, cyberbullying y dating violence: estudio de la gestión de la vida social en estudiantes de Primaria y Secundaria en Andalucía. *Colección Actualidad,* (75), 1-27. https://doi.org/10.54790/actualidad.0022

Saldarriaga Zambrano, P. J., Bravo Cedeño, G. R. e Loor Rivadeneira, M. R. (2016). La teoría constructivista de Jean Piaget y su significación para la pedagogía contemporánea. *Dominio de las ciencias, 2*(Extra 3), 127-137.

Sánchez Aneas, A. (2009). *Acoso escolar y convivencia en las aulas: manual de prevención e intervención.* Formación Alcalá.

Serrano Sarmiento, A. e Iborra Marmolejo, I. (2005). *Violencia entre compañeros en la escuela.* Centro Reina Sofía para el Estudio de la Violencia. https://www.researchgate.net/publication/307442734_Violencia_entre_companeros_en_la_escuela

Serrate, R. (2007). *Bullying, acoso escolar: guía para entender y prevenir el fenómeno de la violencia en las aulas.* Laberinto.

Sierra García, P. e Delgado Egido, B. (2019). Desarrollo emocional, social y de la personalidad durante la infancia. En J. A. García Madruga e J. Delval (Coord.), *Psicología del Desarrollo I* (pp. 283-307). UNED.

Simoes de Sousa, S. e Hernández Armentia, T. (2014). *Acoso escolar: tipos, factores de riesgo, prevención y actuación.* Formación Continuada Logoss.

Smith, P. (2006). Factores de riesgo familiares. En A. Serrano (Ed.), *Acoso y violencia en la escuela: cómo detectar, prevenir y resolver el bullying* (pp. 135-157). Ariel.

Suckling, A. e Temple, C. (2006). *Herramientas contra el acoso escolar: un enfoque integral.* Morata.

Taboada Ares, E. M. e Rivas Torres, R. M. (2004). Desarrollo socio-afectivo y moral en la etapa infantil. En M. Paz Bermúdez e A. M. Bermúdez Sánchez (Eds.), *Manual de psicología infantil: aspectos evolutivos e intervención psicopedagógica* (pp. 159-220). Biblioteca Nueva.

Tillmann, K. (2006). Factores de riesgo socioculturales. En A. Serrano (Ed.), *Acoso y violencia en la escuela: cómo detectar, prevenir y resolver el bullying* (pp. 187-206). Ariel.

UNESCO (2019). *Behind the numbers: ending school violence and bullying.* UNESCO.

Zabaraín Cogollo, S. e Sánchez Pabón, D. (2009). Implicaciones del bullying o maltrato entre pares en el desarrollo psicoafectivo de niños y niñas en etapa de latencia. *Psicogente, 12*(22), 407-421.

ANEXOS

Índice de anexos

Anexo A. Imaxes da proposta.....52
Figura 11. Modelo de DAFO.....52
Figura 12. Páxina principal da web *Unidos contra o acoso escolar*.....52
Figura 13. Portada e contraportada folleto acoso escolar.....53
Figura 14. Interior folleto acoso escolar.....53
Figura 15. Selección de obras Tolerancia cero.....54
Figura 16. Suxestións para a expresión.....55
Figura 17. Suxestións para a escoita.....56
Figura 18. Tarxetas de condutas negativas.....57
Figura 19. Tarxetas de condutas positivas.....57
Figura 20. Modelo de panel de clasificación de condutas.....58
Figura 21. Modelo de contrato de compromiso.....58
Figura 22. Trucos de relaxación.....59
Figura 23. Tarxetas de situacións negativas.....60
Figura 24. Modelo de panel da actividade Sentindo.....60
Figura 25. Cartel de emocións.....61

Anexo B. Táboas de temporalización e avaliación da proposta.....62
Táboa 3. Temporalización da proposta.....62
Táboa 4. Rúbrica de avaliación da proposta.....62
Táboa 5. Enquisa de satisfacción para familias e docentes.....63
Táboa 6. Rúbrica de avaliación da participación do alumnado na proposta.....63

Anexo A. Imaxes da proposta

Figura 11. *Modelo de DAFO*

Figura 12. *Páxina principal da web Unidos contra o acoso escolar (https://unidoscontraoacoso.wixsite.com/my-site)*



Figura 13. *Portada e contraportada folleto acoso escolar*

Figura 14. *Interior folleto acoso escolar*



Figura 15. *Selección de obras Tolerancia cero*

Figura 16. *Suxestións para a expresión*

COMUNIC(ARTE)

A arte de comunicar

EXPRESA

Amosa unha actitude de interese por todos os nenos e nenas, saudando a cada un e unha polo seu nome cando entren na clase e facéndolles ver diariamente que che importan.

Mira ás crianzas aos ollos e esfórzate en escoitalas.

Trata a todo o alumnado por igual e tenta individualizar as estratexias de ensinanza-aprendizaxe.

Deixa de lado os prexuízos á hora de tratar cas crianzas.

Pensa en ideas e opinións positivas de cada neno e nena e transmítellas.

Tenta ser sensible e comprensivo/a mesmo en situacións complexas, trasladando esta actitude á forma de expresarte.

Busca os sentimientos e fomenta que a crianza os exteriorice e lles poña nome.

Sorrí.

Imaxes: Canva *Licencia:* CC (BY-NC-SA) *Autora:* Aroa López Armesto

Figura 17. *Suxestións para a escoita*

COMUNIC(ARTE)

A arte de comunicar

ESCOITA

Garda silencio e amosa unha actitude de atención.

Repara na túa linguaxe corporal e transmite apertura e ánimo con ela.

Fai preguntas abertas para animar ao interlocutor ou interlocutora.

Ten paciencia e empatía.

Dirixe a mirada aos ollos do neno ou nena e amosa as expresións necesarias derivadas do que está relatando.

Pide aclaracións de ser necesario.

Fai pequenos incisos para resumir o que estás entendendo do relato.

Emprega interxeccións para indicar que estás a escoitar.

Evita interromper e desviar a atención cara outras tarefas, así como facer ruído ou orientar a conversa a un "interrogatorio".

Imaxes: Canva *Licencia:* CC (BY-NC-SA) *Autora:* Aroa López Armesto

Figura 18. *Tarxetas de condutas negativas*

Pictogramas: Sergio Palao *Procedencia:* www.arasaac.org *Licencia:* CC (BY-NC-SA) *Autora:* Aroa López Armesto

Figura 19. *Tarxetas de condutas positivas*



Pictogramas: Sergio Palao *Procedencia:* www.arasaac.org *Licencia:* CC (BY-NC-SA) *Autora:* Aroa López Armesto

Figura 20. *Modelo de panel de clasificación de condutas*

Figura 21. *Modelo de contrato de compromiso*

Figura 22. *Trucos de relaxación*

Figura 23. *Tarxetas de situacións negativas*

Figura 24. *Modelo de panel da actividade Sentindo*



Figura 25. *Cartel de emocións*

Anexo B. Táboas de temporalización e avaliación da proposta

Táboa 3. *Temporalización da proposta*

1º TRIMESTRE			
Setembro	**Outubro**	**Novembro**	**Decembro**
Eu comprométome!	*(In)fórmate*	*En equipo*	*Que é o acoso escolar?*
2º TRIMESTRE			
Xaneiro	**Febreiro**	**Marzo**	
Tolerancia cero	*Somos*	*A nosa familia*	
3º TRIMESTRE			
Abril		**Maio**	
Comunicarte		*Sentindo*	

Táboa 4. *Rúbrica de avaliación da proposta*

	1	**2**	**3**
Acceso á información e sensibilización por parte das familias.	Coñecen o punto de información na *web* e na escola.	Amosan interese pola información proporcionada e fan uso dela.	Teñen unha actitude comprometida ante o *bullying* e implícanse en formarse no tema.
Comprensión por parte das familias das variables que inflúen na aparición do acoso escolar.	Asisten á xuntanza e coñecen a existencia de folletos informativos.	Amosan unha actitude aberta e participativa na xuntanza e fan uso dos folletos dispoñibles.	Participan na identificación de variables familiares e tentan introducir os consellos aportados nos fogares.
Formación en *bullying* por parte do corpo docente.	Asisten aos cursos propostos.	Teñen unha actitude activa nas sesións e coñecen o tema.	Dominan o tema e amosan unha actitude comprometida ante a súa prevención.
Emprego de ferramentas diversas para previr o acoso escolar por parte dos mestres e mestras.	Amosan curiosidade pola introdución de dinámicas de prevención do acoso escolar.	Implícanse no deseño e creación de iniciativas contra o *bullying*.	Poñen en marcha diversas iniciativas empregando o abordado nas formacións.
Xestión de conflitos e convivencia por parte do alumnado.	Coñecen as iniciativas presentes na aula para controlar a convivencia.	Saben empregar con autonomía e respectan as normas de aula e o currúncho da paz.	Empregan e valoran as normas de aula e o currúncho da paz como forma de xestionar a convivencia.
Cohesión do grupo-clase.	Aceptan aos compañeiros e compañeiras e comparten momentos.	Desfrutan das propostas en grupo e non xeran conflitos.	Móstranse comprometidos coa boa relación grupal e teñen unha actitude positiva con todos e todas.
Control e recoñecemento de emocións nas crianzas.	Participan nas actividades propostas.	Implícanse e amosan unha actitude participativa e activa nas dinámicas.	Recoñecen as emocións presentes en situacións negativas e propoñen solucións.

Valoración da diversidade e desenvolvemento da empatía do alumnado.	Aceptan aos compañeiros e compañeiras.	Son capaces de mencionar aspectos positivos dos demais.	Valoran positivamente a todos os compañeiros e compañeiras, establecendo relacións amables fundamentadas no respecto.

Táboa 5*. Enquisa de satisfacción para familias e docentes*

	1	2	3	4	5
Satisfacción coas propostas.					
Utilidade dos elementos formativos.					
Cumprimento das expectativas propias.					
Satisfacción co material dispoñible.					
Satisfacción global coas iniciativas.					
Outros comentarios					

Táboa 6. *Rúbrica de avaliación da participación do alumnado na proposta*

ÍTEM	I	EP	C
Participa na creación das normas de aula e respéctaas.			
Emprega o “Currúncho da paz” nos momentos precisos cunha actitude correcta.			
Valora aos compañeiros e compañeiras, sendo capaz de mencionar aspectos positivos deles e delas.			
Recoñece as emocións e sentimentos presentes nunha situación negativa e é capaz de propor solucións.			
Respecta a todos os compañeiros e compañeiras, favorecendo a convivencia na escola.			